





Coordinación: A.R. López e Soedade Noia.
Deseño: Signum. Maquetación, Antón Lopo e S. Noia.
Fotografía: Chico Mirás. Correo: mare@galicia-hoxa.com

MARTE



“Marte brillou sobre as nosas cabezas desde antes de que tiveramos voz para nomealo. É parte da estrutura do animal humano, o animal que mira cara a arriba e lles dá nome ás luces afastadas que ve no ceo nocturno. Foi o fogar de civilizacións perdidas e escenario de grandes aventuras na Ciencia Ficción. Na idade das viaxes espaciais, foi e segue a ser, o seguinte paso a partir da Lúa. Nos últimos anos do século XX, Marte converteuse non tanto nun planeta (aínda que agora saibamos máis claramente ca nunca qué clase de planeta é) como nun portal ó que hai máis alá”. **John Clute**

Nun mundo que sucumbiu definitivamente ó soez nihilismo comercial, que se volveu triste e monstruoso –como os ogros malos dos contos infantís–, a exploración espacial converteuse nunha das escasas físgoas polas que mirar o horizonte e soñar nun proxecto colectivo sen levantar as sospeitas dese muro –altamente politizado– que protexe a sociedade mercantil. O presidente de Estados Unidos, Georges W. Bush, sábeo e por iso vai incluír a carreira espacial no seu programa electoral, un feito insólito que, sen embargo, amosa ata que punto a Casa Branca sabe que a estreitez mental da sociedade actual necesita atopar canles de expresión que creen ilusións de amplitude. Bush volve falar da Lúa, de establecer bases permanentes na Lúa e explotar as súas entrañas, pero sobre todo fala de Marte, o planeta máis parecido á Terra do sistema solar, o mesmo que, desde hai anos, fixo soñar os escritores con mundos perfectos e que, ó mesmo tempo, foi utilizado en tempos de guerra fría para aterrorizar ós cidadáns con invasións de crueis marcianos, procedentes do planeta vermello, tan vermello como a bandeira vermella dos comunistas. Tampou-

Bos días, Marte

Estamos aquí

co sorprende que en plena época de guerras e violencia, Marte se volva poñer de moda. É como se a mitoloxía seguise exercendo a súa influencia sobre o noso destino e a proximidade o pasado verán do belicoso planeta levase dentro ansias de sangue e de morte. E se a guerra amosa unha vez máis o pouco que evolucionaron os terrícolas nas cualidades humanas, Marte suxire un horizonte de reconstrucción. Europa e Estados Unidos dispútanse o triunfo, con clara vantaxe dos americanos tralo fracaso do robot europeo ‘Beagle2’. Pero a carreira inclúe tamén a Xapón –que chegará proximamente á órbita marciana–, a China –que xa estudia futuras misións– e mesmo a India, que apela a Ignis –o deus do lume na antiga tradición hindú– para gañar un lugar na bóveda celeste. Desde o día catro, o robot ‘Spirit’ da NASA esculca o chan de Marte á procura de auga, o elemento clave para decidir o futuro da exploración cósmica: se a hai en cantidade suficiente, Marte será a plataforma da aventura interplanetaria. O progreso debe manter vivo o facho da expansión perpetua ou o sistema fracasará. [S. Noia e A. R. López]

Cando o robot 'Spirit' se pousou na superficie marciana e comezou a transmitir a súa información –proba de que a misión chegara a bo fin–, a NASA lanzou a súa consigna: "Estamos de volta". Foi unha explosión de xúbilo que acabou co maleficio das últimas misións dos Estados Unidos en Marte: as frustrastes 'Mars Polar Lander' e 'Mars Climate Orbiter', extraviadas por fallos de cálculo. Tamén o xúbilo lles serviu para descargar a tensión acumulada polos profesionais da Nasa tralo fracaso europeo, só uns días antes, de adiantarse ós americanos co 'Beagle 2'. Porque se ben ninguén quere falar de carreira espacial –como os USA e a URSS en tempos da guerra fría–, non cabe dúbida de que Marte é a desculpa para a competencia tecnolóxica entre Europa e Estados Unidos, á que en breve se unirán Xapón –está en ruta a sonda orbital 'Nozomi'–, a China e mais a India. E ese "Estamos de volta" significaba que Estados Unidos gañara a etapa e revalidara o título que nos anos setenta conquistara a histórica misións das 'Viking': chegar ó planeta vermello.


Para Europa, colocar a sonda 'Mars Express' na órbita de Marte foi un auténtico triunfo, pero o triunfo quedou ensombrecido polo fracaso do robot 'Beagle 2', que o día 25 de nadal debía ter amortizado e do que non existe, de momento, rastro ningún. Onte mesmo intentouse localizalo de novo cando quedan só unhas horas de vida ás baterías deste instrumento, desenvolvido no Reino Unido. A diferenza do robot norteamericano –ou do 'Opportunity', que amatará o 24 de xaneiro–, o 'Beagle 2' non buscaba auga senón hipotéticas pegadas da existencia de vida. Aínda que non existen indicios de actividade biolóxica na actualidade, os científicos cren ter probas de que algunha si a houbo. As probas están nunha rocha duns 4,5 billóns de anos de antigüidade, un meteorito denominado ALH84001 que impactou contra a Antártida hai trece milenios e no que se distinguen evidencias de vida primitiva bacteriana fosilizada.

Tanto o robot 'Spirit' como o 'Opportunity' da NASA limitáranse a buscar pegadas de auga. O 'Spirit' –a cuarta misión espacial que logra a amortizaxe– pousouse no cráter Gusev, onde teoricamente debeu existir no pasado un enorme mar de auga. Ademais dos indicios xeolóxicos, existe a presenza abundosa da cobizada hematite. Esta rocha, vencellada ós lugares con grande humidade, dáse non só nas latitudes polares do planeta senón tamén en amplas zonas do seu ecuador, dato que ós científicos lles permitiu formular unha hipótese especialmente suxestiva: a auga de Marte está baixo o chan e abrolla cando algún fenómeno xeolóxico abre físgoas na superficie, permitíndolle correr sobre a area ata que, rapidamente, se evapora pola debilidade da atmosfera marciana.

E é que, en contra do que se cría nun principio, Marte non é un planeta morto, é dicir: posúe aínda –barruntan os científicos– actividade volcánica e esta actividade é a que puido fundir o xeo da superficie e crear a auga das canles, onde ó mellor houbo vida no seu momento. O máis intrigante sobre estes volcáns –fonte dos elementos químicos esenciais para a evolución de organismos biolóxicos– é que, precisamente, están rodeados de canles, o que indica que había unha morea de auga arredor cando se estaban a formar.



A teoría da presenza de auga en Marte (arriba e abaixo) susténtase nas pegadas de canles que só puideron ser erosionados por ela. Marte ten, ademais, o volcán máis elevado do sistema solar: 26 quilómetros de ancho por 600 quilómetros de base.




A existencia de auga é crucial para os ambiciosos plans de colonizar o universo por parte dos humanos. De feito, dada a estrutura do cosmos –con distancias inapreixables– e as incapacidades tecnolóxicas actuais –con limitacións evidentes–, Marte parece o único banzo para a expansión. Ademais de servir como fonte de explotación mineira relativamente practicable, supón unha plataforma idónea nas viaxes interplanetarias. Todo, claro está, a partir da premisa esencial: a existencia de auga.

A sonda Mars Odyssey da NASA foi a primeira que localizou un enorme mar de xeo baixo a superficie, que se suma ó xeo acumulado nos cascos polares. Que haxa xeo non significa que haxa auga, pero a presenza dunha gran capa xeadada pode explicar onde está o líquido que posiblemente correu unha vez pola superficie do planeta. Segundo algúns estudos recentes,

ción térmica procedente da superficie marciana e impedirían o seu arrefriamento. Se ben impedirían a entrada de moita luz solar, permitirían pola contra que esa pouca luz se convertería en calor. O modelo complementase coa proposta de que Marte mantivo unha temperatura amornada gracias a unha atmosfera de amoníaco e metano. Este último gas desagregase facilmente coa luz solar, polo que a capa de nubes xeadas de CO₂ sería o escudo perfecto para que unha atmosfera deste tipo se mantivese estable durante o tempo necesario. As condicións en Marte serían, daquela, escuras e amornadas para a formación de auga líquida, pero sen unha fonte de enerxía para a fotosíntese.

A máis importante consecuencia desta teoría é que aumentaría a zona habitable nos planetas de fóra do Sistema Solar. Os astrónomos estableceron que o límite para a presenza de auga líquida por enriba




Dunas de area nunha imaxe recollida pola Mars Global Surveyor no mes de outubro do 2002

esa capa de xeo está cuberta por unha manta aproximadamente dun metro de espesura, formada por po e rochas. A proporción de auga nesas masas é de entre un 20 e un 30 por cento, unha cantidade que supera as perspectivas máis optimistas, sobre todo se temos en conta que arredor do 20 por cento do planeta ten indicios desa capa.

En calquera caso, no que case todos os científicos están de acordo é en que Marte non é un planeta estático: noutro momento da súa historia puido ter unha atmosfera máis cálida e non os 60 graos baixo cero que agora rexistra. Algunhas teses apuntan a que o planeta estivo totalmente cuberto de xeo hai uns 50.000 anos e outras suxiren que tiña, hai arredor de 4.000 millóns de anos, auga líquida. O efecto invernadoiro producido por nubes xeadas de dióxido de carbono foi tal vez a clave deste fenómeno. As nubes reflectirían a radia-

de cero graos en 1,37 unidades astronómicas (UA): unha UA equivale á distancia entre a Terra do Sol. Pero con este modelo climático, un planeta con nubes xeadas de CO₂ podería albergar auga a unha distancia dunha estrela de ata 2,4 UA.





Os próximos meses serán claves para saber se Marte é a fin dun horizonte ou o principio dunha nova odisea para os humanos. Os datos do 'Spirit', o 'Opportunity', a 'Mars Express' europea e a 'Nozomi' xaponesa, sumaranse antes do ano 2009 proxectos da NASA como a Mars Reconnaissance Orbiter e os módulos de amara xe Phoenix e Mars Science Laboratory. Ningún horizonte existirá, sen embargo, se o noso planeta nai, a Terra, prosegue a súa galopante deterioración por mor da sobreexplotación comercial: non existe no noso universo próximo outro fogar con condicións máis aptas para o noso desenvolvemento e o da nosa cultura.




Non parece próximo o día no que o ser humano viaxe a Marte. Ós problemas técnicos engádense os da distancia e a escasa información que aínda se ten sobre o planeta. O máis probable é que antes do 2040 non se envíe ningunha misión e que tampouco sexa posible a colonización antes dun século. Nesta década, sen embargo, serán moitas as sondas que visitarán o planeta, e xa están avanzados os proxectos de deseño dunha base permanente na superficie vermella.




A característica cor avermellada de Marte débese á cantidade de óxido de ferro na súa superficie. No norte e sur, as manchas brancas reflecten a presenza de xeo, que varía no seu tamaño segundo as estacións. Unha parte dos científicos considera que hai 50.000 anos, o planeta foi branco e non vermello porque estaba cuberto de xeo. Marte ten, ademais, o volcán máis alto de todo o sistema solar: o Monte Olimpo, con 26 quilómetros de alto e seiscentos quilómetros de base.




¿Existe vida en Marte ou existiu algunha vez? De momento, a resposta sería negativa: non se detectou presenza de microbios, nin animais, nin vexetais. Nos últimos anos, sen embargo, un meteorito de Marte caído hai 14.000 anos e atopado na Antártida revela a existencia de bacterias fosilizadas. Aínda que algúns científicos non o consideran unha proba concluínte, outros considéranlo a proba de que nalgún momento da historia houbo vida extraterrestre.




Desde Schiaparelli observou por vez primeira as “canles” de Marte, os científicos lanzaron variadas teorías sobre a orixe dos profundos vales do planeta. A maioría destas teorías apuntaba a auga como responsable directo, pero non todas coincidiron na orientación. Nun principio, pensouse que os vales correspondían ós profundos ríos que, nun remoto pasado, tivera o planeta, enormes correntes de auga que, posteriormente, desapareceran por inexplicable cambio de clima. Nos últimos anos, sen embargo, cobrou consistencia outra teoría e nela conflúen dous elementos especialmente suxerentes para os investigadores: Marte conserva bolsas de auga e esa auga sae á superficie por efecto das convulsións xeolóxicas, xa que o planeta, en contra do que se cría, posúe un núcleo quente e aínda activo.



Marte ten atmosfera e en inverno, hai nevadas con frolpas carbónicas, debido a que o gas carbónico (95%) é o seu principal compoñente. A súa escasa densidade, seis milibares fronte ós 1.000 terrestres, é a que impediría sequera que a auga permanecese líquida: evaporaríase. Con todo, a súa atmosfera é a máis parecida á da Terra do sistema solar, o que leva a algúns a falar dunha posible “terraformación”.



Igual que a Terra, Marte ten catro estacións, se ben son máis longas: un ano marciano equivale a un ano e once meses terrestres. A órbita de Marte é marcadamente elíptica, e provoca unha variación da temperatura de 30 graos centígrados no punto sub-solar entre o aphelio e o perihelion. Mentres que as temperaturas de media son de -55°C, a temperatura da superficie chega ata 133 graos nun día de verán. Os fenómenos meteorolóxicos son extremos: rexistráronse tormentas de varios días que chegan a afectar case a totalidade do planeta. Estas tormentas escurecen durante meses a superficie.



Solución exterior

A estratexia dunha ilusión

Conta García Márquez que o fillo duns amigos non podía crer que a máxima fazaña espacial dos humanos fose chegar a Lúa. “¿E ‘Star Trek’?”, “¿E ‘A guerra das Galaxias’?”. ¿E a conquista e colonización de Marte relatada por Bradbury nas ‘Crónicas Marcianas’ (1950)? Máis de cen anos despois de que Wells publicara en Londres a súa novela ‘A guerra dos mundos’ (1898) os Estados, como daquela, pugnaban nunha carreira sen cuartel por conseguir a máxima extensión colonial. Ambiciónase todo: tamén e sobre todo a galaxia, a stupa en cúpula hemisférica que nos templos hindús simbolizan o ansiado universo. Literatura e ciencia buscan unha solución exterior fronte o desencanto social e a devastación ambiental.

Foi Marte, sen dúbida, o planeta preferido polos escritores de ciencia ficción á hora de situar nel civilizacións extraterrestres que, como en 'A guerra dos mundos' de Herbert George Wells, ideaban unha invasión da Terra por desesperados marcianos tecnoloxicamente avanzados fuxindo dun planeta moribundo. Noutros textos, o planeta non só está moribundo, senón que está en pleno auxe e cheo de princesas, carnívoros e inimigos ansiosos de matar o heroe. A fascinación do arredados, a ansia de fuxir cara a outros lugares, a partida na busca dun fermoso mundo estrano ou o xardín encantado circulan en imaxes dunha evasión, cando o desencanto e brutalidade da sociedade obriga a imaxinar novos mundos. Estratexias de ilusión tralas que abrollan, entre mentira e ironía, un imaxinario no que os humanos estenden no incerto os seus propios sonhos de colonizacións e conquistas.

"A través do abismo do espacio –comeza a 'Guerra dos Mundos' – mentes que son as nosas mentes como as nosas son as bestas perecedoiras, intelectos enormes e fríos e carentes de compaixón observaban esa terra con ollos de envexa...". Un Wells escéptico sobre a presenza de vida real no verdadeiro Marte, era demasiado inteligente para crear a Lowell, pero o planeta vermello era ideal para lanzar unha invasión. Anque Wells, que con artigos e conferencias pulsaba por crear un mundo, unha sociedade máis xusta, escribe sobre a brutal conquista por parte dos marcianos: "Antes de xulgalos con excesiva severidade debemos recordar que a nosa propia especie destruíu completa e barbaramente non só as especies animais, como o bison-

te ou o dodo, senón razas humanas culturalmente inferiores. Os tasmanienses, a despeito da súa figura humana, foron enteiraamente borrados da existencia nunha guerra exterminadora de cincuenta anos, que emprenderon inmigrantes europeos". Pesimista ante a súa impotencia fronte a unha humanidade que por ambición e odio se destrúe a si mesma o autor, que propugnaba un sistema político a medio camiño entre o capitalismo que el coñeceu e o socialismo, pregúntase finalmente: "¿somos tan grandes apóstolos de misericordia que teñamos dereito a queixarnos porque os marcianos combateron con ese mesmo espírito?". 'A guerra dos mundos' non é a primeira vez que a literatura aborda a existencia de seres extraterrestres, pero si desde un novo punto de vista, tal é como apunta o ensaísta Miguel Uceda nun artigo no que incide no éxito de Wells que fai do lector presa dun mundo onde o fantástico convive co cotián e séntese posible. Non é de estrañar que na noite do 30 de outubro do 1938, cando o mundo tremaba pola ambición insaciable dun dictador, Orson Welles – ó levar adiante a adaptación radiofónica da novela de Wells – causara unha ola de terror en Estados Unidos na que millóns de radioíntes creron que se trataba dunha conquista marciana real en New Jersey. Escribíronse libros, levouse o feito ó cine mentres os sociólogos aproveitaban o pánico colectivo para estudar o comportamento humano. A divulgación revelou un fracaso porque de novo se repetiron as escenas de terror o 14 de febreiro do 1949 cando se radiou unha versión semellante en Quito (Ecuador). O 25 de xuño de 1958 repetiuse a mesma transmisión, esta vez



Imaxe da planicie 'Arcadia' no planeta Marte nunha imaxe recollida pola Mars Odyssey en marzo do 2003. Na fotografía da dereita: unha recreación do Mars Exploration Rover.



Recreación dunha invasión
extraterrestre dende a arte pop10 | **rcl**
Galicia Hoxe 08/01/04





en Lisboa, co mesmo pánico por parte dos radioíntes non advertidos. A Policía ordenou a suspensión da emisión ante o colapso telefónico de chamadas de persoas autorizadas. Entre os lectores que cativou estaba Robert Hutchings Goddard (1882-1954) que espertou a súa imaxinación e dedicou todas as enerxías a facer realidade o soño xuvenil –que tivo unha tarde de verán subido a unha cerdeira– de construír un aparato capaz de viaxar a Marte. Hoxe considérase un pioneiro da astronáutica: construíu foguetes que se autorregulaban para evitar desvíos na súa traxectoria, conseguindo alcanzar alturas ata entón inalcanzables, demostrou a posibilidade das viaxes a través do baleiro interplanetario e propuxo foguetes de varias etapas para alcanzar alturas máximas.

No despunte do novo século medra, día a día, a cantidade de información sobre Marte. Trázanse mapas, contornéase e estúdase a súa xeoloxía, dáselle nome ás partes que non tiñan nomenclatura e demóstrase, case con certeza, carece de vida. Confírmase a sensación que os escritores de ciencia ficción tiveron intuitivamente: Marte non é un lugar amigable para os seres humanos, pero é a mellor aposta para un intento serio de colonizar outro mundo. Logo de Wells, Edgar Rice Burroughs sería o seguinte en usar a Marte como materia literaria, anque a diferenza daquel, este non se preocupou nunca de valorar a presenza de vida real no planeta. Para el, como para dúcias de escritores máis, bastaba que puidera imaxinarse plausiblemente que Marte contiña vida, e transportou alí o seu heroe John Carter ca maior serenidade para dominar os marcianos. Tampouco nunca lle preocupou a Burroughs que o Marte dos seus soños –un paraíso extraído directamente das ‘Mil e unha noites’, cheo de mulleres semiespidas– puidera existir no pasado ou no presente. Parodia divertida destes clásicos é o relato curto ‘Dominios remotos’ de Ward Moore, onde un aristócrata da Inglaterra victoriana chega accidentalmente a un Marte moribundo no que os marcia-

nos caeron na barbarie: pese a que o protagonista ten en principio todo en contra, non só logra non ser asasinado polos belicosos marcianos senón que, por se fora pouco, consegue ‘civilizalos’ seguindo o patrón do seu país natal, de xeito que cando século e pico despois chega ó planeta a primeira expedición terrestre, os integrantes descubren, con pasmo, unha sociedade marciana calcada da desaparecida Inglaterra victoriana.

Foi Leigh Brackett quen tendeu a centrar os seus relatos no remoto pasado, antes de que as augas desaparecieran da superficie do planeta, para así esquivar a hostilidade contemporánea do planeta real. O resultado foi que Marte, alomenos na imaxinación dos escritores de ciencia ficción, descríbese como antigo. É antigo nas ‘Crónicas marcianas’ de Ray Bradbury (1950) e está claramente esgotado cando no 1964 aparece ‘Tempo en Marte’ de Philip K. Dick. Pero Marte non é máis vello que a Terra e para os escritores de ciencia ficción dos últimos anos é flamantemente novo. Pendentes dos avances realizados pola ciencia e a tecnoloxía moderna, as novelas de Bear, Bisson, Bova, McAuley, Kim Stanley Robinson, entre outros, admiten que Marte pode ser o seguinte lugar, tralo espacio suborbital e a Lúa, que deixe de ser terreo exclusivo da ciencia ficción.

A máis ambiciosa destas historias, a triloxía de Robinson composta por ‘Marte Vermello’, ‘Marte Verde’ e a proxectada ‘Marte Azul’, é case un manifesto, anque nunca deixa de ser unha historia. A mediados do século XX, Marte estaba urbanizado en novelas como ‘The Tomorrow People’ de Judith Merrill. As grandes cúpulas de cristal eran un trazo da paisaxe marciana. Son as ‘Crónicas Marcianas’ de Ray Bradbury unha das obras que mellor retratou a natureza humana, capaz do sublime e o máis terrible simultaneamente. Coa Terra debastada case totalmente polo progreso e os avances tecnolóxicos, a humanidade trata de emigrar a Marte: o planeta misterioso. Seguindo a súa natureza, os humanos transforman ó seu antollo e



De arriba á abaixo: imaxe microscópica dunha bacteria dun meteorito procedente de Marte. Da conquista da Lúa e a cara de Marte. Á dereita de arriba a abaixo: Lowell e fotograma de 'Desafío Total'



conveniencia, a súa xeografía e aparencia para finalmente tomar conciencia de que o Planeta, ó seu xeito, tamén os transformou. O encontro co novo planeta e co descoñecido, destapa dos migrantes humanos o mellor e o peor de si mesmos: un mundo marciano, onde ás cousas son inquietantemente diferentes de todo o coñecido e sospeitosamente parecidas. Claro que Bradbury, moi propenso ós pesadelos e ás horribles fantasías, deixa cravado no lector un aquel de nostalgia ante o renovado valor da Terra, en tanto que se perdeu. O soño de Bradbury ráchase coa carreira espacial que deu lugar a unha visión dun Marte árido, seco e morto que fixo que nos últimos anos os homes e mulleres da escrita de ciencia ficción abordaran nos seus escritos a posible colonización e terraformación do planeta vermello: Os contos de Arthur C. Clarke ou o 'Marte móvese' de Greg Bear.

Entre o logro técnico e a impostura exhibicionista dos estados, o planeta Marte – de tenue atmosfera no que todos os astrónomos coinciden en apuntar que é, depois da Terra, o mundo do sistema solar que mellor se adapta a que exista vida tal e como se coñece – convértese no cerne dun universo de ideoloxías, pantasmas, ilusións, decepcións ou apocalipses: vólvese deus da guerra e participa da infinitude do cosmos, que dende sempre campou, entre constante e obsesivo, polo mundo das artes.

Marte serve de metáfora do trasunto imperialista, da guerra fría ou como fixera Wells de crítica do colonialismo: cando todo está perdido xa, cando Inglaterra se converte de feito en colonia de Marte, os marcianos quedan aniquilados vítimas de microorganismos, os seres máis diminutos da Terra. Onde a técnica e a estratexia humana fallan, vencen os seres cunha existencia que pasa desapercibida. Era a lección de humildade que ofreceu Wells na 'Guerra dos mundos' ante unha época finisecular dominada polo triunfalismo da técnica. De todos xeitos, a invasión marciana de Wells só durou quince días, mentres que os problemas coloniais sobreviven aínda hoxe noutras formas neocolonizadoras.

Mostra o cineasta Brian de Palma en 'Misión a Marte' (2000) como no ano 2020 a NASA conseguirá un grande éxito ó enviar a primeira misión espacial tripulada a Marte. Pouco despois de arribar ó planeta vermello, o grupo de astronautas comeza a sufrir graves problemas que son comunicados cunha indescifrable mensaxe á Terra. 'The deadly rays from Mars' (1933) con Flash Gordon como figura heroica, 'Foguete K-1' (1950) de Kurt Neumann, 'Flight to Mars' (1951) de Lesley Selander, 'A conquista do espacia' (1955) de Byron Haskin, 'The angry red planet' (1959) de Ib Melchior, 'Battle beyond the sun' (1963), unha produción de Roger Corman, 'Misión Mars' (1968) de Nick Webster ou 'Desafío Total' (1990) de Paul Verhoeven son algúns dos moitos exemplos de expedicións cinematográficas ó citado planeta ó que curiosamente tamén viaxou xente tan heteroxénea como Santa Claus ou Robinson Crusoe.

"En realidade no noso mundo físico non coñecemos máis que tres dimensións. Non é que só esas tres dimensións existan senón que só elas poden ser comprendidas polo cerebro físico. En realidade vivimos nun espacia que posúe unha cantidade de dimensións... Non vemos senón o que somos capaces de ver pero hai moito máis para ver" (Leadbeater en 'Doutro lado da morte' (1910)).



Coordinación: A.R. López e Soedade Noia.
Deseño: Signum. Maquetación, Antón Lopo e S. Noia.
Fotografía: Chico Mirás. Correo: mare@galicia-boxe.com

¿HABÍA VIDA
ANTES DO MÓBIL?

Antes do teléfono móbil había vida, pero ás veces resulta difícil imaxinarse unha vida na que o móbil non existise. Así o opinan algúns dos escritores cos que falamos para saber ata qué punto o móbil transformou o noso ritmo cotián e de que xeito ese pequeno artefacto pode ser utilizado como instrumento literario. E é que ningunha das tecnoloxías recentes acadou unha penetración tan rápida e extensa como a telefonía móbil, capaz de romper as fronteiras da nosa intimidade, modificar os nosos hábitos e, mesmo, articular novas formas de relación. En palabras do poeta Estevo Creus, estamos ante a “privatización das canles de comunicación cos amigos”. A última estratexia do capital, engade, para abranguer novos ámbitos de “plusvalía e rendemento económico”. Para Chus Pato, a volta atrás é imposible e para Xabier Cordal, vivimos o primeiro banzo do ser humano no seu camiño cara ó cyborg, un “cambio de réxime total” con repercusións aínda inimaxinables. Cambios que atinxen, mesmo, á nosa escrita por medio das mensaxes ou SMS, co que se recupera, asegura Anxos Sumai, “o contacto coa escrita”, nunha liña que entronca o móbil co tradicional xénero epistolar. De feito, algúns dos autores consultados –como o propio Creus ou Cristal Méndez– fixeron xa experien-

¿Había vida antes do móbil?

cias literarias a partir do móbil e algúns, como Lupe Gómez, converteron o móbil nun instrumento capaz de literaturizar a vida. Calcúlase que o 75 por cento dos fogares españois teñen un destes artiluxios e a maioría –o 83 por cento– está satisfeito co servizo, unha taxa significativamente máis elevada que a correspondente á telefonía fixa: só o 65,6 por cento de satisfacción. O seu uso xunto co de Internet está a provocar, segundo recentes estudos científicos, unha mutación física nos polgares dos usuarios máis teimudos –comunmente os menores de 25 anos–, que pasaron a ser os dedos con maior musculatura e máis hábiles. A tendencia nótase de xeito especial no Xapón, onde os rapaces e rapazas destas idades se describen a si mesmos como “oya yubi sedai”, ou o que é o mesmo: A tribo do polgar. Móviles por todas partes, con licenza para interromper as conversas, o instante no que te vou bicar ou a confesión do teu amigo máis próximo nun momento de desánimo. Móviles que teñen xa unha lexión de adictos só comparables ó afán consumista das compras. E como todas as adiccións teñen síntomas: desacougo, palpitacións e suores que se aveñen cando nos ausentamos do teléfono.

Estamos na era do cyborg –como opinan Xabier Cordal ou Chus Pato– ou na era dos ‘sen brazos’ –como a define Estevo Creus– en que o tacto desaparece do ser humano como capacidade de sentir. E ambas visións teñen en común o denominador común das tecnoloxías e, moi principalmente, do teléfono móbil, ese instrumento que nos “simplificou” a vida e “incita á creación” –Yolanda Castaño–, que nos dá “máis liberdade e flexibilidade” –Cristal Méndez– pero que, en todo caso, “debemos controlar” –Víctor Freixanes. Eles, xunto a Anxos Sumai, Fran Alonso, Helena González e Antón Dobao, axúdannos a andar o labirinto do invento que máis cambiou as nosas vidas.

k m krs?

Entre cyborg, a tribo dos polgares e os ‘sen brazos’

Antes do móbil había vida, pero “a vida era máis lenta”, di a poeta **Cristal Méndez**, autora dun poemario escrito polo móbil que redactou canda o dramaturgo Alfonso Becerra mentres facían o Camiño de Santiago. A ela, que non é unha grande usuaria, o que máis lle gusta é que o móbil nos permite improvisar e “estar menos suxeitos dos compromisos”: dáanos “liberdade e velocidade”. Da vida antes do móbil recorda que a xente era máis puntual –porque non tiña a man o artilluxio para anunciar un retraso– e que todo semellaba máis estable e, ó mesmo tempo, menos flexible. O que máis lle fascina do móbil –como a moitos dos escritores que aparecen ó longo destas páxinas– é a posibilidade de enviar e recibir SMS ou mensaxes, porque “podes contestalos ou non contestalos ou contestar máis tarde” e, sobre todo, porque pode ser unha ferramenta literaria.

Esa é unha opinión que comparte con **Anxos Sumai**, a autora de ‘Anxos da garda’, unha recompilación en papel do diario que mantivo durante varios meses en Internet e onde o mobil aparecía constantemente. Para Sumai, o uso dos SMS recupera o contacto coa escrita, como antes se facía coas cartas, un recurso que ademais ten as vantaxes de ser “máis barato”. O poder de transformación do aparello valóralo Sumai dende ese obxectos permanentes da vida cotiá que, como tal, se reflicte tamén no imaxinario literario.

O móbil, asegura a escritora, facilita unha comunicación inmediata anque no reverso da súa transcendencia produce moita ansiedade: “Sempre estás pendente da chamada”. E aínda que lle parece inimaxinable a vida antes do móbil, máis inimaxinable sería, desde o seu punto de vista, a vida sen Internet.

Algo semellante sente a crítica **Helena González** ante as posibilidades da rede, da que se confesa “un aquel de dependencia”. Cando máis punxente sentiu esa dependencia, foi cando se lle “morreu o ordenador”: “Deime conta de que era un cyborg vivo”. O móbil non o sente con tanta intensidade: Lévaolo encima pero as máis das veces, desconectado. Usa máis o SMS –“moito máis cómodo”– e exemplifica cómo o móbil transformou en parte as nosas normas de relación coas novas fórmulas do saúdo: “Antes dicías, Ola como estás?” e agora “Ola, podes falar?”.

“Por suposto que non había vida antes do móbil”, afirma con ton drástico a poeta **Chus Pato** e para razoalo, engade: “Calquera adianto tecnolóxico sempre invalida a historia anterior”.

Desa mesma opinión é o poeta **Xabier Cordal**, para o que en cuestións tecnolóxicas “non hai volta atrás”. Fala sen rodeos do cyborg e recalca que fala “en serio”: o móbil “pasou a formar parte do noso





corpo e é un cambio de réxime humano total: empezamos a ser fabricados por corporacións. Estamos comezando o camiño do cyborg e, antes ou despois, converterémonos neles". E engade, coa súa habitual ironía, "vai ser moi interesante".

Pero ¿como ve Xabier Cordal ese momento? Moi sinxelo: levaremos incorporado o móbil, con internet e cámara fotográfica –por exemplo– e "para mirar a data de caducidade dos iogures poñeremos o zoon en vez de facer o xesto de achegarnos". Non teremos ningún problema de adaptación –a goira– e usaremos toda esa tecnoloxía para dicir estupideces, "mentres o que se crea é o gran ollo". ¿Será para tanto? "Por suposto: en Santiago, se mexas contra unha esquina, xa hai varias cámaras que te vixían. Vai haber moitas cousas que xa non poderemos facer nas rúas".

Os científicos aseguran, neste sentido, que xa empezaron a rexistrarse mutacións físicas polo uso constante de teclados en móbiles ou videoconsolas. As mutacións afectan ós polgares dos rapaces e rapazas menores de 25 anos, que pasaron a ser os dedos con maior musculatura e máis hábiles. O estudo realizouno a Universidade británica de Warwick sobre a poboación de nove cidades do mundo e apunta que a mutación afecta ós usuarios de móbiles e outras tecnoloxías que caben na palma dunha man e poden usarse para enviar mensaxes, correos electrónicos ou acceder a Internet. A xeración máis nova comezou a usar os seus polga-

res de maneira totalmente diferente e utilízanos instintivamente onde os seus antecesoros utilizaban o índice. En tanto que os menos asiduos a esta tecnoloxía usan varios dedos para pulsar as teclas, os rapaces usan ambos os polgares indistintamente, sen apenas mirar o teclado mentres escriben as mensaxes. A tendencia nótase de xeito especial no Xapón, onde os menores de 25 anos se describen a si mesmos como "oya yubi sedai", que significa 'A tribo do polgar'. A medida que ese dedo adquire destreza, os rapaces tenden a utilizalo para outras tarefas que normalmente faría o índice, como chamar ó timbre ou sinalar algo. O móbil converteuse, incluso, en parte do proceso de cortexo amoroso destes rapaces que, segundo o estudio, tratan de impresionar ás rapazas coa avanzada tecnoloxía dos seus teléfonos e a habilidade no seu uso.

"Eu xa son doutra época, da das telefonistas", asegura Xabier Cordal e evoca a solemnidade daquel proceso: Pedirilles vez e esperar quenda. "Fálabas máis a modo e máis alto, algo que agora só se dá nas conferencias coa Arxentina, nas que a xente berra moito". Respecto da desaparición das fronteiras da intimidade, o autor de 'A vella peneira a noite' considera que se Joyce estivese vivo, os monólogos do Leopold Bloom do 'Ulises' quedarían empequeñecidos coas sandeces que se oen pola rúa. E anque o móbil lle recoñece utilidade política –"é capaz de organizar máis rapidamente a xente", cre

que a Literatura non ten moito futuro con este artilluxio: “Xa fixeron un concurso de relatos polo móbil e saíron unhas cousas tremendas. Supoño que a manía posmoderna polo breve debe sentirse moi cómoda con iso do móbil e da estupidez”.

Para o tamén poeta **Estevo Creus** máis que falar da época do cyborg hai que falar da época da soidade: “A era dunha absoluta soidade, a era que eu denomino ‘sen brazos’, na que os humanos perdemos o tacto: Facemos todo desde a casa”. Creus –que usa o móbil só “por cuestións laborais”– lembra que antes da chegada deste artilluxio a vida era menos “eléctrica”: lembra unha infancia sen móbil, unha adolescencia sen móbil, lembra que el e os seus amigos quedaban na praza do lugar “e falar non custaba cartos”. Era unha época cun lugar que se chamaba ‘Casa dos amigos’ e “cun territorio”. O mobil, ó seu xuízo, “é unha trampa”, o instrumento que “privatiza as canles dos amigos”: A última estratexia do capital para abranger novos ámbitos de “plusvalía e rendemento económico”, sacándolle unha plusvalía e un rendemento.

Esta posición non lle impide considerar que o móbil ofrece a posibilidade dos SMS e que esta posibilidade é “moi interesante como arte efémera e descousificación do produto”. El mesmo emprendeu hai un par de anos o proxecto ‘Parabras para móbil’ e durante quince remitiulles ós seus amigos ou a números elixidos ó azar textos poéticos que, inevitablemente, concluían coa frase “Palabras para mobil”. O proxecto pareceulle “marabilloso”, entre outras razóns porque eses textos podían quedar no aire e seren “eternos en si mesmos”.

Nas mutacións da linguaxe que introduce o móbil repara o poeta e secretaria da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), **Yolanda Castaño** quen, logo de varios intentos de contactar co seu número, respondeu ó aparello: “Antes apañábamonos pero a vida era máis complicada”. Marcado un antes e un despois do móbil, detrae a escritora, unha vez asentada as súas ventaxas, un capítulo de inconvintes que fai pasar pola “adaptación”: a necesidade de adaptación da lingua e dos lingüistas a esta nova revolución.

Castaño entende “a comunicación como unha enerxía que non se destrúe senón que se transforma” polo que tralas novas posibilidades –e tamén como Anxos Sumai– valora como “a xente nova empeza a escribir”. Posibilidades que fai abrollar tamén na poesía mentres se lle vén á cabeza a experiencia, xa abandonada, dun amigo poeta: usar os centos de caracteres do SMS e ser capaz de formatealos nuns versos. “Suscita e incita a creación” mantén o fío dunha experiencia que tenta a máxima rendibilidade expresiva. “A poesía –destaca ó fin– adaptase ós novos formatos”. Castaño, que ata hai pouco usaba o servizo de SMS do seu móbil para comunicar feitos sobre a súa obra ou concertar citas literarias, opta agora por facer unha “pequena chamada”.

Máis chamadas á súa casa fai o escritor e editor **Víctor Freixanes** dende que existe o teléfono móbil: “antes saía da casa ás oito da mañá e non volvía ata ás once. Hoxe, se non das sinais de vida, preguntan onde andas metido”. Do cambio nas relacións humanas e a irrupción do móbil como materia literaria dá conta Freixanes para quen “a nova tecnoloxía é unha revolución positiva”. Só, mentres vai respondendo ó móbil polos corredores da Facultade de Xornalismo en Compostela, alerta dun truco: “é necesario que o ser humano controle os seus propios procesos”. “Señón– engade– seremos imbéiles controlados por aparellos”. Freixanes ten móbil dende que se fixo cargo das rendas da editorial Galaxia. Vai para dous anos, e por suposto que para el existía vida antes do móbil. “¡O móbil está moi ben! Hai que ter estas cousas e administralas”, destaca sobre un trebello que, como opina Helena González, procura “ter controlado”.

Quen tampouco está disposto a ser un escravo do móbil é o escritor **Fran Alonso**, que como a maioría considera que “evidentemente” había vida antes da aparición dos pequenos aparatos. E máis, considérase un resistente, co aparello case sempre desconectado, que non usa máis que para o “estrictamente ne-

cesario”. Sen embargo está convencido do seu poder de transformación que exemplifica, por caso, tras esa sensación de “incordio” que se desata cando unha chamada “rompe a harmonía dunha relación natural que podes manter cunhas persoas en determinados contextos”. Unha interrupción violenta nunha comunicación natural pero ¿camiñamos ós cyborg?. “Eu espero que non, que o corpo humano non se funda” destaca mentres repasa como “as novas tecnoloxías tenden á fusión”: os ordenadores coa televisión; a música cos ordenadores e os móbiles. “Hoxe –destaca– hai soportes que cobren unha función moi ampla e cada vez iso é unha realidade máis patente” afirma quen, aliñado cos que entenden que a tecnoloxía é un servizo cada vez mellor para as persoas, condena calquera “intento de establecer unha dictadura comercial, consumista, e de dependencia”. E que o móbil cambia a estrutura sociolóxica: “creo que nos está cambiando xa: convértenos en persoas distintas”, apunta ó fío das novas linguaxes que se van establecendo e que, apunta, “temos que descifrar dun xeito máis rápido”. “As persoas en xeral aínda non somos conscientes da revolución que está achegando” continúa non sen antes advertir a incapacidade para descubrir as claves que están detrás das novas tecnoloxías. Estamos, segundo Fran Alonso, ante “un cambio social asombroso” ou, noutras palabras, ante un “cambio de civilización alucinante”.

Unha anécdota sérvelle ó poeta **Antón Dobao** para recordar a vida antes do móbil. Hai once anos, en Viena: “Algunha xente empezaba a andar con móbil pola rúa, e un pirao de romano, levaba un teléfono de plástico enorme, verde, facendo mofa dos que falaban polo móbil”. Eran outros tempos. Dobao usa o móbil “cando é necesario” sen obsesión anque guste da tecnoloxía e aclama que “xa somos algo cyborgs” nunha aproximación ás rutinas da telefonía móbil anque no seu caso, sínteo máis co ordenador. Ademais, engade, “a maior parte da produción que o capital mobiliza nestes tempos, depende dos nosos cerebros e as nosas relacións coas máquinas”. Sopesada a idea de que en parte o ser humano converterase nun cyborg, mira Dobao ó reverso da moeda para imaxinar que de socato, baixase as xornadas laborais. A contra, di, ocorre o contrario: “cando máis máquinas somos, máis tempos que traballar”. Non emprega Dobao o móbil nin como vehículo para compoñer textos nin como ferramenta para remitilos. Veo dificultoso, can-

so. Para **Caetano Díaz**, director de ‘Galicia Hoxe’ o móbil converteuse no símbolo da sociedade actual, “tan ávida de consumo que necesitaría tres planetas como a Terra para quedar satisfeita”. Por suposto, imaxínase a vida sen móbil. É máis, aspira a colgar definitivamente o móbil e levar unha vida “en contacto coa natureza”. Sen embargo non cre que sexa un bo instrumento para as letras: “o único que fai o móbil e deturpar a linguaxe. Tampouco é que me pareza mal: nos suburbios de París hai individuos que utilizan un idioma que só entenden eles”.

En todo caso, psicólogos e expertos en socioadiccións alertan do incremento de casos de persoas adictas ó teléfono móbil e Internet detectado nos últimos anos. Alertan da necesidade de que os profesionais estean preparados para atender esta nova demanda da sociedade, para tomar medidas ó respecto. Detectan casos, como en Xapón, onde se descubren casos de persoas que non saen da casa e só se relacionan co exterior a través de Internet. Diferencian entre “uso e abuso” e aclaran que a adicción se caracteriza pola “falta de control do impulso” e porque “produce un dano social e psicolóxico á persoa afectada”. As persoas adictas ó móbil “senten ansiedade, palpitations e suores cando non teñen o teléfono a man” e os enganchados a Internet teñen os mesmos síntomas cando teñen problemas de conexión. Calculan que especialmente vulnerables son os adolescentes ó ser receptores dun tipo de publicidade moi agresiva que os incita a consumir estas novas tecnoloxías e non dispoñen dos mecanismos de defensa dos adultos. Hoxe, búscase por “límites” unha socioadicción con moitos intereses comerciais por medio.



Libres,

co móbil, mandando mensaxes

Lupe Gómez

O móbil é unha máquina, que me inspira. Que me fai bailar e sentirme viva. Un artiluxio marabilloso, que me une á xente, aos amigos. Un medio de comunicación, que me instala no mundo. Non me separo do móbil, aínda que case non me chame nunca ninguén. A min o que me gusta é mandar, e recibir, mensaxes. Sobre todo mandalos, porque é como escribir poesía. Cando recibo unha mensaxe, ou unha chamada, é unha enorme alegría. Paso o día mandando mensaxes. Escribindo no móbil. Porque me encanta facelo. Porque é divertido. Porque me sinto menos soa. Porque así podo dicir, en calquera momento, o que se me ocorre dicir, ou sentir, ou pensar...

Son como un adolescente, estou enganchada, alegremente, ao móbil. Non é unha droga que me preocupe. Na miña casa réñenlle ao meu sobriño Dani, que ten 19 anos, porque vive pendente do móbil, pero as reñas tamén recaen sobre min. Non me importa. Teño 32 anos, son un pouco maior para que me reñan. Por outra parte faime gracia seguir sendo adolescente, necesitar do móbil como Daniel, que é un neno alegre e encantador. Sempre quero quedar na infancia. No silencio.

Gústame mandar mensaxes porque teño que resumir. Porque as palabras son poucas. E eso é unha cousa que me encanta. Que me fai feliz. Unha diversión marabillosa. É como escribir, continuamente, poemas. E tamén, fundir a escrita e a vida. Facer que as realidades se entrecrucen. Cruzar os montes. Quedar espida. Espirme, continuamente, nas mensaxes que mando. Para min as mensaxes son unha especie de manifestos vitais. Unha expresión da miña vida, que continuamente é unha espiral que se expande.

Brevemente, como a min me gusta, resumindo, facendo que todo sexa esencial e limpo. E libre. Eu síntome libre mandando mensaxes polo meu móbil. Máis libre, máis contenta, que antes de haber móbil.

Case non me acordo da miña vida antes de haber móbil. Case non imaxino a vida sen móbil. Pero imaxino que sería unha vida máis triste. Menos animada. Menos poboada por todos. Sen ter a quen acudir, ás veces.

Ademais a min gústame máis mandar mensaxes que falar, ter conversas, oír a voz. Aínda que oír as voces ás veces tamén sexa realmente marabillosa, case un milagre. Resulta caro chamar, tamén. Eu case non chamo. As mensaxes son máis baratas. As mensaxes permiten falar habendo certa distancia. Unha distancia que relaxa. A distancia que non é outra cousa que a literatura. Hai silencio, nas mensaxes. As mensaxes son poemas. Poemas que se elevan na noite, como aves. Cando nos parques se reúnen os elefantes para xogar uns cos outros. Para sentir viva a vida. E eu, ritmicamente, e repetindo cousas, mándolles mensaxes aos meus amigos. Como se se tratase de música. Unha música vitalista que me relaxa, que me alegra. Cando recibo resposta síntome moi contenta. É como atravesar os prados, e poder escoitar e sentir o que me din as vacas. Porque eu falo coas vacas, encántame facelo. Hai quen di que é de tolos, pero eu falo coas vacas. Meu pai tamén o facía. Había tranquilidade na infancia. Como agora co móbil. Estamos todos máis contentos. É un elemento ao noso lado que nos anima. Aínda que en certo modo, cando o esquecemos na casa, sintamos certa liberación. A necesidade da soidade, que quizais a esteamos esquecendo. A necesidade do silencio, de non falar. O mar. Quedar mirando para o mar.

Pero ao fin e ao cabo o móbil non imposibilita ese misticismo, ese silencio, esa ensoñación. Eu podo perfectamente sentirme soa. Eu podo quedar pensativa mirando o mar. Olvidar que teño móbil. De feito, no verán moitas veces non levo o móbil á praia. E quedo suspensa na ensoñación do sol. Esas tardes bonitas no mar, na area. Para min a poesía é algo moi pulsional, moi vital. Por eso mandar mensaxes é para min tan importante. Tan vital. Porque para min escribir e mandar mensaxes é tan importante, e tan necesario, como escri-

bir poesía ou cartas todas as tardes. Eu mando mensaxes a todas horas pero sobre todo polas noites, cando se acaba o día, cando quedo en silencio e me inspiro nese silencio. E medro por dentro. E acórdome de todas as persoas que quero. Os barcos. As persoas que me po-boan. Os amigos.

Polas mañás gústame ler os xornais e tomar café nos bares. Polas tardes gústame escribir e ler e pasear, sentir así a vida. Con ilusión. Con pracer. E polas noites, escoito música e mando mensaxes. É unha forma de reescribir a vida. E sentirme dona dos meus sentimentos e das miñas vivencias. E comunicarme.


Sobre todo o móbil permíteme comunicarme. E neste sentido é un elemento moi útil e moi alegre. Un invento marabillosa. Ás veces gústame bailar, sen móbil. Nas miñas clases de aeróbic. E cando chego á casa o primeiro que fago é mirar as chamadas perdidas. Comprobar, con certa tristeza, que non me chamou ninguén. Mentres eu estaba, feliz, bailando. É moi importante bailar, ás veces é o máis importante que fago en todo o día.

A miña vida é divertida. É unha vida chea de palabras. Chea de mensaxes polo móbil que son unha forma continua de poesía. Unha forma de alzarme sobre a morte. Porque a comunicación tamén é sexo. E necesitamos do amor e dos demais porque todo é moi cruel. Porque non é fácil vivir, ese teatro.

Todo é teatro. Todo é ficción. Cada vez comprendo mellor. Todo é un relato inventado por ninguén. E estamos no abismo. Indefensos. Espidos. Débiles, moi pequenos e moi débiles. Deus non existe. Deus era mentira. Agora o que nos queda é a xente que nos rodea, a familia, os amigos. As palabras. Eu síntome moi alegre e moi ben cando, ás veces, lle mando mensaxes ao meu sobriño Daniel. Aínda que para el o mundo da poesía e da literatura nada signifiquen. Neses momentos sinto que non todo está perdido. As palabras é o único que temos, o único que tivemos sempre, o único que nos queda.

Agárrome ás palabras, e por iso mando, tan alegremente, tantas mensaxes polo móbil. A existencia resulta así menos solitaria, menos aburrida. Para min é tamén unha forma continua de revelación. Unha aprendizaxe continua. Unha espiral que se expande, que se abre, que se retroalimenta. É como abrir un libro e lelo. É como escribir, continuamente, un libro. Mando menos mensaxes na aldea que na cidade. Na aldea non ocorren cousas. Agradécese, pero tamén resulta terrible. Abafante. Ás veces cando estou na aldea sinto que se me acaba a vida. Sinto que non teño nada que decidir polo móbil. Que non teño palabras, o cal me produce angustia. Gústame pronunciar a vida. Sentir que acontecen cousas.

Gústame que a vida vaia nas palabras. Entresacar o optimismo. Sentir o abrazo da xente. Escribir, dende os afectos que eu sinto. Dende a ilusión. Aínda que ás veces a ilusión se rompa. Porque todo é fútil, absurdo e pasaxeiro. E eu quero escoitar, eternamente, a rísa. Quero pronunciar o berro. Reunirme polas noites nos parques cos elefantes. Eses amigos que eu teño, e que me fan estar e sentirme viva. Coas pernas inflamadas. Cos poemas. Coas aves. Aquí en Galicia, como se Galicia fose o centro do mundo. Como se esta nación ferida existise. Como se non estiveramos enfermos. Libres, co móbil, mandando mensaxes.



MEMORIA E LITERATURA

Coordinación: A.R. López e Soedade Noia.
Deseño: Signum. Maquetación, Antón Lopo e S. Noia.
Fotografía: Chico Mirás. Correo: mare@galicia-hoxe.com

A xeración de poetas dos 80 reúne a súa poesía e comeza a escribir as súas memorias. É un fenómeno que un dos seus protagonistas, Xosé María Álvarez Cáccamo, achaca a “un momento de reflexión poética sobre o camiño que podemos seguir”, simultáneo ó impás poético que viven tanto el como outro compañeiro de grupo e de memorias, Ramiro Fonte, novidade estes días nas librerías con ‘Os meus ollos’, onde evoca a súa adolescencia en Pontedeume como adianto dunha próxima obra de oitocentas páxinas que está ultimando. Ambos súmanse ó grande éxito editorial do Nadal pasado, as super vendas de Manuel Rivas en ‘Do descoñecido ao descoñecido’ –que reúne a súa poesía e se converteu na obra con máis número de lectores da historia de Espiral Maior– e ás recompilacións recentes de Vítor Vaqueiro, Arcadio López Casanova, Darío Xohán Cabana, Xosé Miranda, Xabier Seoane, Xulio López Valcárcel, o propio Ramiro Fonte, Luís González Tosar ou as inminentes de Vicente Araguas e María Xosé Queizán. Para Fernán-Vello, director de Espiral Maior, trátase de, en certo xeito, axudar “a establecer os poetas e a fixalos no tempo de forma definitiva”, mentres que para Fran Alonso –coordinador literario de Xerais– é “evidentemente unha estratexia editorial” que encerra as súas dificultades: acertar co autor. Da mesma opinión é a crítica

Escrita e memoria, os lindes

Helena González, se ben engade que a estratexia, ademais de comercial, “monumentaliza a obra propia” e, ó mellor, nestes momentos, estase correndo demasiado rápido “para entrar na historia inmediata”. A memoria, a individual, a humana, pero tamén a literaria, a poética, é a protagonista deste monográfico de Revista das Letras, que se achega a un dos máis recentes fenómenos editoriais do país. “O fenómeno”, asegura Helena González, “é moi interesante porque no tránsito do século XX ó XXI xorde o momento da Literatura do eu. Era un lugar que a poesía ocupaba antes de que asumise, nestes últimos anos, o reto de ser un xénero ficcional. Pero hai que ter coidado: a Literatura do eu necesita que che teña ocorrido algo”. Claro que a reunión dunhas poesías completas non é estritamente memorialismo, anque sexan, en certo modo, unhas memorias: a representación compacta duns textos que naceron illadamente e agora se reorganizan. Entendendo o memorialismo como un proceso literaturizador da vida e as ‘Poesías Completas’ como un proceso editorializante pódese afirmar que mentres as memorias son literatura, as ‘Obras completas’ deveñen nun modismo editorial. Ó fío, unha advertencia: calquera edición de obras completas dos homes e mulleres da escrita aínda vivos é necesariamente incompleta.

Asegura José Saramago que a novela non hai que alimentala nunca “cos feitos da propia vida do escritor, senón só da experiencia”, e nesta declaración de principios parece establecer a fronteira entre unha Literatura de ficción e unha Literatura memorialista. Pero as delimitacións resultan, con frecuencia, difíciles, entre outras razóns porque memoria, á fin e ó cabo, é todo, e un afán memorialista hai en certos autores cando compilan os seus poemas e deciden presentalos nunha sorte de ‘Obras completas’. É unha acción de freo e marcha atrás que, segundo algúns destes autores, xorden nun momento de reflexión e de toma de perspectiva. E, ás veces, a toma de perspectiva coincide coa recompilación das memorias, como é o caso de **Xosé María Álvarez Cáccamo**, un ‘peso pesado’ da Xeración dos 80 que acaba de reunir poemas e anuncia a súa autobiografía. Sen embargo, el non é o único, e o mundo editorial do país vive esta tempada unha auténtica explosión de ‘textos reunidos’ e reunión de memorias. Para a crítica **Helena González**, o fenómeno é “moi interesante” e obedece ó auxe da Literatura do ‘eu’, un lugar que antes ocupaba a poesía e que agora deixou en libre disposición “tras asumir no século XX o reto de ser un xénero ficcional”. Con todo, alerta, “hai que ter coitado: para facer memoria téñenche que ter pasado cousas: As ‘Décadas de LT’ son monumentais, pero porque a **Luís Tobío** lle tocou vivir un momento histórico moi especial.”

Franco Grande arredor da resistencia cultural da xeración da noite – sobre a que o autor está a preparar unha segunda entrega– ou as ‘As décadas de T. L.’ (Edicions do Castro, 1994) do finado **Lois Tobío** as que pola súa enormidade son eixo dun xénero que fai abrollar o valor e necesidade do rescate. Nelas, como en todas, devén un xogo de perspectiva, como vén precisar o escritor e académico Méndez Ferrín no prólogo da entrega de Franco: “Pro eu lembro cousas que Franco esquece e el revélame outras nas que eu non reparara. Aínda que o pallaso entrara na aula atrás do mariñeiro de maneira verdadeira e inequívoca, se eu me vise no trance de escribir a historia inesquencibel de aqueles días encantados, sen dúbida escribiría un libro distinto do de meu amigo e distinto do de calquera outro de nós outros que quixera evocar atal materia”. Libro distinto de memoria que moitos adiviñan, a pesar da negativa do autor, trala última novela de **Méndez Ferrín** ‘No ventre do silencio’ (Xerais, 1999), quen propón unha lectura dos ‘Anos Escuros’ máis que como memorias como un “acto de introspección do seu autor e de pregunta ás propias raíces da autenticidade”. Devólvenos Ferrín o recordo dunha máxima enunciada moitas veces por Otero Pedrayo: “O máis valioso que temos é aquilo que foi salvo do naufraxio dos nosos ideais adolescentes”.

Decidírase a escribir **Lois Tobío** as ‘Décadas de T. L.’ ó entender como entendía que “esta clase de



Para empezar, dáse unha obrigada contradición e advertencia: En calquera libro de memorias, os silencios falan. Tamén calquer edición de obras completas de autores vivos é necesariamente incompleta. Falan as memorias –aínda que os homes e mulleres das letras galegas non se prodigaron moito nesta xeira– tralos recantos da súa intimidade sobre tempos hoxe comentados. Foi **Carlos Velo** quen reparou no erotismo e como mantén Miguel Anxo Fernández no prólogo da edición da singular ‘Memoria erótica’ (Edicións A Nosa Terra, 1998), “sacode unhas lembranzas que outros escritores galegos do seu tempo simplemente desprezaron ou, vítimas de complexos e rémoras, silenciaron”. Verteu no papel o espertar do sexo polas corredoiras, lameiros e paleiros de Cartelle no que fai memoria do seu Ourense estudantil. E de paso arremeteu contra o libro canónico das memorias que pon máis o acento nas datas, nos nomes e nas cousas.

Pero de que “Ourense foi a primeira cidade de Galicia na que se escoita falar en galego a homes con corbata e as mozas con tacón outo”, lémoste, entre un sen fin de anécdotas e verdades, da man de **Luís Soto** en ‘Castelao, a UPG e outras memorias’ (Xerais, 1983) que abrangue dende as súas entradas e saídas do Partido Comunista de España ata a UPG ó PGP e Galicia Ceibe que dicta dende a ‘suite’ do Sanatorio Español de Mexico.

E chegan ‘Os anos Escuros I’ (Xerais, 1985) de

escritos non debían ser cousa exclusiva de homes importantes, sobranceiros da literatura, na ciencia, na arte ou na política, xa fosen por feitos por eles mesmos ou por algún achegado seu –a veces tamén para contar as súas feblezas por aquilo de que non hai home grande para o seu axuda de cámara– senón que conviña que os fixese asemade algúns do común, para deixar cumprida testemuña do seu tempo porque –mantiña– “a paisaxe histórica non se compón só de cumios ou picoutos senón tamén de vales e fondos”. Da memoria esquecida, do dobre esquecemento da memoria das mulleres no exilio, xorden da man da editorial A Nosa Terra, nunha colección coordinada pola xornalista Carme Vidal, títulos como ‘**Mariví Villaverde**’ (2002) ou ‘**Os diarios de Syra Alonso**’: dous documentos excepcionais nos que por riba de todo faise xustiza histórica. O primeiro, sobre o lema de tres tempos e unha esperanza, fai crónica Mariví Villaverde, compañeira do fusilado Ramón de Valenzuela, da Galiza dos anos trinta e corenta cunha denuncia da tiranía do franquismo e a forza irreductible da liberdade. No segundo, Syra Alonso escribe as súas memorias cando o golpe militar do 1936 mata o seu compañeiro Francisco Miguel, o pintor que tanto a retratara e co compartía a súa axitada vida en París, México ou Cuba. Syra exiliase cos fillos a México e desde alí escribe uns ‘Diarios’, únicos na literatura galega, cos que contribúe dun xeito decisivo á restauración da memoria du-

nha muller galega silenciada.

Na reconstrucción, outros títulos como 'Terra matria dos soños' de **Pura Vázquez** en Abano Editores (Ourense, 1999) ou, en español, 'Soltando lastre' de **Ana María Alvajar** (2002) ou 'Testimonio de la guerra civil' de **Isabel Ríos** da colección Documentos para a historia contemporánea de Galicia de Edicións do Castro escólmense nun fondo que conta, entre outros, con títulos, en galego, como 'Os que non morreron', de **Xerardo Díaz**, 'Andrés Colombo', de **Andrés Colombo**; 'A crueldade inútil', de **Xerardo Díaz**; 'O río do tempo', de **Francisco Fernández del Riego**; 'Valentín Paz-Andrade. A memoria do século', de Tucho Calvo ou 'Anacos da vida dunha muller galega', **María Tobío** á par das monumentais memorias de Santiago Álvarez que, sobre seis tomos, dan testemuño da guerra do 36: "están escrita -di o autor- co corazón na man, sen ocultar nada do que considere importante". Escritas en español, o fondo acolle ademais os testemuños de Emilio González López, Carmen Antón, Paco Balón ou M^a Victoria Valenzuela.

Das últimas entregas, especial mención merece a de **Francisco Fernández del Riego** que fai autobiografía e crónica dun tempo, dunha xeración e dunha esperanza, en 'O Camiño Andado' (Galaxia, 2003): desde o despertar da República e o pulo do galeguismo ata o labor cultural para reconstruír na clandestinidade aquel alento esvaído. Desde a sublevación militar, que esborallou o futuro, ata as posibilidades que abriu a chegada da democracia. "Nos momentos que escribo -relata Del Riego- estas páxinas tiradas da memoria, teño pasado a barreira dos noventa anos. Dispoño de lembranzas para poder matinar sobre moitos problemas (...) Sigo sendo fiel a dúas grandes paixóns: a de idea de Galicia e a Liberdade. Estou preparado para todo. Pero mentres me resten as forzas continuarei o camiño". Nin inercia, nin indiferencia, nin desalento. Porque Del Riego, como confesa, quere repetir o xa contado por el mesmo en 'O río do tempo', 'Ánxel Casal e o libro galego', 'O cego de Pumaradón', 'A xeración Galaxia', 'Pegada das viaxes'. Mesmo no que se di nos epistolarios de Ramón Piñeiro, Rodríguez Lapa, Luís Seoane, Álvaro Cunqueiro. De Piñeiro achegou Galaxia unhas polémicas "memorias", polo rebatidas como tales e discutidas, en 'Da miña acordanza'. Tamén a editora viguesa se encargara de publicar, de xeito postumo, a autobiografía de **García Barros**, Ken Keirades, baixo o título 'Dos meus recordos': unha miscelánea na que García Barros conta, con humor e amenidade, moitos dos casos e cousas que deixaron pegada na súa memoria. E da 'Revoeira' de **Núñez Búa** fixerao a editora Ir Indo: visión íntima e persoal dun galeguista histórico caído, segundo o crítico literario Ramón Nicolás, "certamente, nese anonimato inxusto que é lugar común para tantos esquecidos". Revoeira é o nome dos remuíños de terra que o vento lixeiro ergue nos camiños. Tal camiño seguiu, día a día, **Raimundo García**, 'Borobó', a quen lle debemos a entrega dos seus anacos: repaso dos amigos e os encontros.

Como "exercicio literario que parte da memoria histórica dun habitante culturalmente cualificado da Galicia dos anos 70, 80, 90 e primeiros dous anos deste século en curso", presenta Fermín Bouza 'Aire para respirar' (Xerais, 2002) de **Antón Baamonde**: "un libro duro e cheo de pugnas, cousa non frecuente nas memorias ó uso en Galicia", en palabras do ensaísta. Baamonde, tamén ensaísta, fai as súas contas e abre o debate cun testemuño que achega "un tempo presente". Autobiográfico é 'Fisteus era un mundo' (A Nosa Terra) de **Lupe Gómez** onde a poeta da xeración 90, nacida a primeiros dos setenta, fai patria da infancia e da paisaxe perdida.

Pero Lupe Gómez é un caso excepcional, probablemente porque ningunha outra escritora -anterior ou coetánea- mantivo unha actitude poética esencialista coma ela: converter a propia vida en poesía ou, ó contrario, nutrir a poesía co sangue da

vida. En realidade, é imposible na extensa produción da autora de Curtis diferenciar experiencia vital e experiencia literaria: ambas coexisten nunha única vertende, redimensionando a poesía nun espazo tan próximo á plástica, á performance, como á escrita. A compilación de Lupe Gómez, neste sentido, é máis un exercicio poético que unhas memorias estrictras.

[Poesía completa]

Tampouco a reunión dunhas poesías completas é estritamente memorialismo, anque sexan, en certo modo, unhas memorias, a representación compacta duns textos que naceron ailladamente e agora se reorganizan. A diferenza maior, a crucial, é que o memorialismo é un proceso literaturizador da vida, mentres as 'Poesías Completas' son un proceso editorializante: As memorias son literatura, as 'Obras completas' un modismo editorial.

Nos últimos meses, o fenómeno das obras completas converteuse nunha das novidades máis aparatosas do mercado galego, en especial o promovido por Espiral Maior que, incluso, abriu unha colección, 'Ópera omnia', con este formato. A el pertence a 'Poesía Completa' de **Manuel María** e a 'Poesía Completa' de **Antón Avilés de Taramancos**, esta última publicada con motivo do Día das Letras Galegas.

No caso de Manuel María, o volume permitiu realizar unha panorámica sobre a complexa obra do poeta da Terra Chá, que desde os anos cincuenta debuxou unha traxectoria onde caben todos os estilos, con series conectivas de sonetos dedicados a ámbitos xeográficos concretos e un peso específico da poesía social, da que o polifacético escritor se converteu nun dos seus máximos representantes durante a última fase de desenvolvemento deste xénero. No caso do volume de Taramancos, é o prototipo do específico deseño editorial de 'Obras Completas': cunha produción pechada e de continuidade imposible. Nestes dous casos, o formato ten por finalidade, como indica **Miguel Anxo Fernán Vello**, director de Espiral de Maior, ofrecer "o conxunto definitivo da obra de autores que teñen xa o seu patrimonio literario constituído".

Sen embargo, a editorial coruñesa intercala na súa colección tradicional volumes que, desde posicións e concepcións distintas, agrupan a poesía de autores xeracionalmente dispares, desde o xa falecido **Eusebio Lorenzo Baleirón** a un poeta como **Salvador García Bodaño**, pertencente á xeración florecida na posguerra. De feito, Espiral Maior imprentou selo propio na pasada tempada de nadal coa presentación simultánea de varios volumes destas características: a poesía completa de Xosé María Álvarez Cáscale e doutro dos integrantes da xeración dos 80, **Vítor Vaqueiro**, coñecido pola súa obra narrativa. Moito máis espectacular aínda foi 'Do descoñecido ao descoñecido', un libro que recolle a poesía publicada por **Manuel Rivas** desde primeiros dos anos oitenta e que se converteu na obra máis exitosa da historia da editorial coruñesa. Ademais destes autores, Espiral Maior mantén en catálogo volumes que reúnen a poesía de **Xabier Seoane** e **Bernardino Graña**. En breve aparecerá tamén a de **Vicente Araguas**.

Para Fernán-Vello, este tipo de publicación non supón unha estratexia comercial, nin cre que sirvan de gancho para atraer máis lectores, agás no caso de Rivas, auténtico best seller do mercado editorial galego. Trátase, subliña Fernán-Vello, de "ir creando un canon de lectura, de oferta ó lector, a partir de obras con notable densidade no tempo, que permita apreciar a dimensión e profundidade dun autor. En certo modo, deste xeito, axúdase a establecer os poetas e a fixalos no tempo de forma definitiva".

Para a crítica **Helena González**, esta dinámica

editorial ten presupostos "moi lexítimos", en especial para ofertar "unha obra que non sempre é doado de atopar", pero tamén cre que existe unha certa estratexia comercial, porque "os lectores non habituais de poesía prefiren mercar obras completas ou antoloxías", como se buscasen "unha lectura case ilustrada".

Tamén considera Helena González que as poesías completas son "unha especie de monumentalización da obra propia" e que, ó mellor, "non hai que correr tanto para entrar na historia inmediata". Ó seu xuízo, na Literatura Galega "hai unha certa presa por monumentalizar determinados poetas e hai outros poetas, grandes e irrefutables, maiores, que non teñen antoloxías, poesías completas, nin obras reunidas".

Máis rotundo aínda se amosa **Fran Alonso**, coordinador editorial de Xerais, onde recentemente se iniciou unha liña nesta dirección coas poesías completas de **Darío Xohán Cabana** e **Xosé Miranda**. Proximamente aparecerán as de **María Xosé Queizán** e **Miguel Anxo Murado**, anque neste último caso é máis ben, puntualiza, "a reedición dos dous únicos títulos líricos en galego" do escritor lucense.

A xuízo de Fran Alonso, a publicación de poesías no formato de "completas é evidentemente unha estratexia editorial" e o segredo da estratexia está no "máis importante e difícil: acertar co autor. Reunir a súa obra significa posuír os dereitos dunha traxectoria e vencellala á editorial".

O certo é que Fran Alonso é o primeiro dos integrantes da denominada xeración dos 90 que, dalgún xeito, reuniu parte da súa poesía nun volume. Foi en 'Subversión', onde ofrecía un percorrido temporal polos libros que el consideraba integrantes dunha período determinado, a partir do máis recente. Ningún dos outros membros do grupo se presentou cun formato semellante, se ben, co tempo, engade o escritor, "tamén farán como os poetas dos oitenta, que son actualmente os que dominan na publicación da poesía completa. O tempo é determinante e a xeración dos 90 segue renovando continuamente a súa obra. Eu supoño que me animarei cando teña sesenta anos, polo menos".

O certo é que boa parte destes desexos editoriais abranguen en grande medida os poetas da xeración dos oitenta, que son tamén os que dominan o "canon" académico. Entre os nomes desta xeración que cabe engadir á listaxe, cabe engadir a **Xulio López Valcárcel**, **Ramiro Fonte** ou **Luís González Tosar**, este último nunha edición bilingüe de catalán e galego. Dunha xeración anterior, e nun volume publicado por Edicións do Castro, pódese atopar unha aproximación á traxectoria de María do Carme Kruckenberg en 'Poesía case completa'.

Fronte a esta recompilación dos poetas vivos, e aínda en plena produción, a recuperación dos clásicos foi moito máis tardía, reflexo dunha progresiva normalización do mundo editorial do país. Só a partir das últimas décadas se artellaron proxectos para achegar ás librerías en coleccións aquelas obras completas de **Manuel Antonio**, de **Ramón Cabanillas** ou de **Rosalía de Castro**, desenvolvidas por Sotelo Blanco. Paralelamente, outras coleccións, como a Biblioteca das Letras Galegas de Xerais, acometían edicións anotadas de obras completas en volumes dirixidos principalmente ós institutos.

Nos anos oitenta, reunírase xa en volumes hoxe case inencontrables a poesía de **Álvaro Cunqueiro**, editado por Galaxia, **Luís Pimentel** (a cargo da Deputación de Lugo), ou **Fermín Bouza-Brey**, homenaxeado por Xerais nunha fermosa edición. Recentemente, tamén apareceu no Castro a obra completa do seu irmán, **Luís Bouza-Brey**, que se une a un longo catálogo da recolección de autores históricos, en grande medida relacionados co Día das Letras Galegas, como **Aquilino Iglesia Alvariño**, **Leiras Pulpeiro**, **Marcial Valadares**, ou **Noriega Varela**, por citar só algúns.

Máis escasa é a recompilación da narrativa. Xerais, por exemplo, presentou o pasado ano a de Celso Emilio Ferreiro, que contén os dous únicos libros de ficción en prosa do autor, 'A fronteira infinda' (1972) e 'A taberna do galo' (1978).


Galaxia, pola contra, acomete desde hai algún tempo un proxecto máis ambicioso: publicar a obra completa do patriarca **Ramón Otero Pedrayo** ou dun escritor tan singular como **Eduardo Blanco-Amor**, do que sairá en breve un volume sobre o seu traballo fotográfico. Nesa liña, o título máis recente é a recuperación da prosa completa de **Ánxel Fole**.

S. Noia/A. R. López



Arriba, Manuel Rivas, estrela do mercado editorial galego. No centro, Bernardino Graña cos seus compañeiros de 'Brais Pinto'. Abaixo (esquerda) Syra Alonso. Á dereita, María Xosé Queizán. Na foto da páxina 3, Xosé María Álvarez Caccamo e Miguel Anxo Fernández Vello.





Memoria(s)

Un percorrido polo xénero en Galicia

Xabier Cordal

Descoñezo se isto ten significado: “memoria” fai referencia a un traballo, a un feito, a un ser póstumo; “memorias”, ao relato dunha persoa acerca de si mesma. Ármanse de retallos nos que falta, significativamente, o final. Pero as memorias teñen a obriga de ser póstumas no posible, coma os poemas autobiográficos. Memorias, en sentido estricto, escribiron escasas autoras e autores emblemáticos da literatura galega.



Xohana Torres durante a lectura do discurso de ingreso da RAG -Eu tamén navegar-xunto con Méndez Ferrín

Criticaba Nietzsche a mórbida contemplación do eu (de calquera eu que non fose el) exaltada polo romantismo. Sen dúbida estaba ollándose contra o espello homérico da traxedia, tan alérxica ao banal. E con todo o mesmo Joyce, o antiromántico que deconstruíu, cando aínda non se dicía así, a grande fraude da épica burguesa, púxose moi serio coa propia individualidade –a nación é o drama de ‘Portrait of the artist as a young man’–. Apenas nos rescatan do trivial a morte e a loita contra a morte; será por iso que os libros de memorias onde non se narra ningún tipo de loita (e para combater no campo da lírica estase con frecuencia exposto á morte, como o estaba Manuel Antonio) resultan tan prescindibles.

Na acepción máis aberta, case un tópico, moitas obras literarias son autobiografía. Porén a Galicia contemporánea –e outros pobos que discorren en paralelo– rexorde no XIX a partir de autoridades e textos fortemente implicados na cuestión social. Tanto, que as sucesivas reaccións anticanónicas (‘De catro a catro’ ben pode ser a súa matriz) non saberán ou non queren revirar iso. Ante o forte peso do contextual e da recepción, a aventura soa de quen escribe moi rara vez se constituirá en argumento, e cando iso acontece o persoal devirá testemuño de clase ou de nación. As ‘Memorias do neno labrego’ que sabemos foi Xosé Neira Vilas, excelsamente pensadas e executadas, revélanse as de calquera rapaz da aldea global que era hai nada Europa. Cántas veces as temos visto repetidas no cinema, ambientadas en Francia, na Bretaña, en Italia ou nos países eslavos.

Pero memorias, en sentido estrito, escribíron escasas autoras e autores emblemáticos da literatura galega. Notamos máis ese baleiro lendo nas grandes biografías feitas, e nas moitas que quedaron por facer; lembrando axiña, só me encantou a de Gonzalo Allegue sobre Blanco Amor. Así e todo canxarían mellor certas cousas no caso do autor de ‘Os biosbardos’ se el mesmo, que sabía contar, se lanzase a compoñer a propia biografía en vez de deixala estrada por relatos e novelas. Ou as memorias de Otero, tantas veces abordadas con outros nomes, marcarían unha época se a súa modestia e a súa vitalidade non lle impedisen mudalas

constantemente en proxecto, el, que só sabía ser xeneroso. (Afortunadamente quedaron as de Luís Soto, igualmente moi distantes da elegía e da melancolía de ningures). Faltando memorias entre nós, os epitafios reais ou imaxinarios encheron o baleiro: a araucaria que resultou pinsapo, a lingua de ouro que Pondal disque nos deixaba, o mar do corazón abolido na ventá mortuoria de Rosalía.

Nestes anos de maior fortuna para o recoñecemento nacional aparecen mostras cada vez máis achegadas ao xénero. Xohana Torres regalounos unha breve e magnífica singradura en prosa. A conciencia de si –do individuo que escribe– vai gañando terreo grazas ao calor popular e á tímida conquista institucional das nosas letras. Sospeitamos que Torres só escribiría ese discurso para ocasión tan única como a da súa feliz entrada na Academia da Lingua. E velaí tedes Del Riego, o artífice de volvérmolos a identificar co edificio da Rúa Tabernas, que vén de publicar autobiografía. O texto contradí gratamente a saudade e toma partido polas épocas que percorreu o seu vigor, sempre envexable, para a política e para a literatura; o papel, logo, dun grande home, en anos, virtude e intelixencia. Todo o que se escribe posúe algo de didáctico (fóxese hogano con non pouco esnobismo desa palabra: outro síntoma da crise da esquerda, ou se cadra dunha literatura escrita arreo por ensinantes). Mais as memorias, cando as redacta alguén que en verdade ten moito que contar, son aprendizaxe.

A segunda autobiografía de Francisco Fernández del Riego, ‘Camiño andado’, deberá erguerse en exemplo, tamén para aquelas e aqueles que posúan outras visións do que aconteceu. E a pesar das necesarias polémicas que suscite, con seguridade só el será xa capaz, desaparecido Lois Tobío, de navegar sen axuda de papeis vellos pola centuria que media entre as néboas veciñas de Pumardedón, a constitución do galeguismo de preguerra, a recuperación cultural e a hora agri doce, por sermos piedosos, que nos toca vivir. O discreto Del Riego, afeito a traballar a contraluz, ocupa por fin o primeximo plano que merece. Son as súas memorias, pero farán parte, de hoxe ao que veña, da nosa memoria.

29 / XANEIRO DE 2004 - NÚMERO 500

r d l

REVISTA
**DAS
LETRAS**



Pasaron máis de doce anos. Non está mal: parece que a cousa se conserva ben, que envellece sen perder pulsión, iso que converte a poesía en poesía e que non se ve, nin se mide, pero pode sentirse sen necesidade de concentrarse: Abonda que o intentes. Son cincocentos números e unha sucesión de páxinas que hoxe, ó regresar a elas, teñen aínda o poder de emocionarnos. Dicímo-lo por Mapplethorpe, que abriu con escándalo o suplemento, pero tamén polas traducciós de Outeiriño, pola ‘Balada do Cárcere de Reading’, polas versións de Martín Veiga ou Úrsula Heinze, polas ilustracións Antonio Murado, por Berta Cáccamo, polos aires de Celan, pola ductilidade de Revista das Letras para estar aí: no ‘Prestige’ e nos primeiros pasos da Sociobioloxía, na lusofo-nía de Xosé Lois García, en Marte e nos brazos de Drácula, nos mundos sorprendentes de Del LaGrace Volcano, do cyborg e os luditas, de Chus Pato a Xabier Cordal, Queipo, Lupe Gómez, Pe-


500 días de papel e letras

Thing tank

pe Cáccamo... Das cidades santas de Varanasi ou de Ajmer, ó Miño, o Sil, o Cabe, o Ulla... Cincocentos números que compartimos con Rosa Navia, Fran P. Lorenzo e Esther Filgueira, tres das persoas que, nun determinado momento, viñeron vivir á sombra desta herba. Un longo camiño que, desde o inicio, contou con Helena González ou Vicente Araguas entre os seus numerosos colaboradores. Poderían dicirse máis, pero a listaxe sería interminable: case oito mil páxinas, unhas catrocentas sinaturas, arredor de trescentos monográficos e case mil temas desenvolvidos. Hoxe celebramos a continuidade desta experiencia con ‘Thing tank’, un monográfico que pretende ser revisión do traxecto andado, pero tamén un alcouve do que está por vir, do que aínda medra: incluso Lois Pereiro e Uxío Novoneyra o seguen facendo. 36 poetas que nos acompañaron nestes cincocentos días e que xuntos conforman un espacio ó outro lado da fronteira.



Xosé María Álvarez Cáccamo é, de todos os poetas da chamada xeración dos 80, o de relación máis estreita con Revista das Letras, na que colabora desde o número dous e para a que coordinou algúns dos monográficos. Sen embargo, as súas máis singulares e espectaculares achegas son os manuscritos de seu pai, Xosé María Álvarez Blázquez. O último exemplo foi o monográfico que lle dedicou o pasado decembro ó 50 aniversario do Cancioneiro de Monfero. Outra das rarezas que o suplemento ten nos fondos gracias a Cáccamo é o intercambio epistolar entre Blázquez e Fermín Bouza-Brey.



'Lapidario dos heterodoxos' (1990) –finalista do Premio Esquíu– é o libro que converteu a Miguel Anxo Murado nun dos poetas máis fascinantes dos anos noventa. A ese ámbito achegárase xa co seu inesquecible 'Bestiario dos desencantos' (1985), no que fundía poesía e narrativa breve para construír mundos onde a razón e a emoción se fundían coa mestría da súa escrita. Murado é, desde o número 2 da revista, unha das sinaturas frecuentes de Revista das Letras ó longo dos primeiros anos noventa, para reaparecer posteriormente e desenvolver a súa experiencia na Guerra de Kosovo.

X.M. Álvarez Cáccamo

Por vontade

Por vontade,
pola construción de pedra e chumbo que é material de
constancia,
porque está escrito na vontade dos números do meu na-
cemento,

Pero non pola natureza da atmósfera,
pero non polo arrecendo a femia que baixa das pombas
terrestres,
pero non polo amor como brisa de cervos
que buscan a poza das fragas dormidas.

Pola pedra da voz que preciso,
pola altura do vento na sombra,
pelo traballo vagaroso da carpintería branca

seguirei nomeando os labores opacos
que fan o cemento da casa do mundo,

pero non pola gracia dos ouros e amentos
que marcan no lonxe o xentío das árbores novas,
pero non pola ciencia sen fórmulas
que pousa na praia entre inversas marxes unha lúa anco-
rada.

Por vontade
seguirei fronte á mesa de vidro
para sempre
e de aquí, deste mar clausurado,
algún día
colleredes o corpo final,
gañador do silencio.

1990

Miguel Anxo Murado

Merrie Melodies

"VEÑA, VEÑA" díxome a señora cama, suorosa baixo o
seu miriñaque amarelecido, e logo engadiu, con esa retó-
rica idéntica ós meus abrazos barnizados: "Aquí estarás
moi agusto. Eu proporcionareiche un sono no que apare-
zan pequenos animalíños danzaríns e iso quitarache pre-
ocupacións que vexo brillar na túa fronte".

Pero despois de lavar os dentes vexo que o meu pixama
quedou durmido e por non espertalo quedo toda a noite
sentado no chan.

Por nada do mundo espertaría eu a ese pixama regalo dos
meus avós. Limítome a contemplar o meu soño sen tor-
mentas, delicioso como o dos nenos.



Ana Romaní (Noia, 1962) é, desde moi nova, unha das voces máis admiradas e queridas da poesía galega. En Revista das Letras a súa sinatura aparece por vez primeira no número tres e desde entón, colabora de xeito regular no suplemento, tanto como coordinadora dalgúns dos seus monográficos como autora de distintos artigos e, sobre todo, como poeta. O seu primeiro libro titulouse 'Palabra de mar' (1987), ó que seguiron 'Das últimas mareas' (1994) e, posteriormente, 'Arden' (1998). Desde hai varios anos, Ana Romaní é a directora do Diario Cultural da Radio Galega.



Paulino Vázquez (Vilanova dos Infantes, 1962) asina o poema da contraportada do número tres de Revista das Letras e, desde aí, o seu nome aparece peneirado en distintas etapas do suplemento, incluíndo traducións. Poeta encadrado na denominada xeración dos oitenta, a súa obra discorre por roteiros de esculca intertextual que chegaría ó seu cimo en 'A experiencia inglesa'. Desde 1982, publica libros como 'Perdendo o tempo que fuxe como Xoán Sebastián Bach' ou 'Seixo de desfacer entre os dedos' (1985), mostras dun estilo obsesivo por captar a través da forma a esencia da literatura e da verdade.

Ana Romaní

Dous poemas

I

Recordar as palabras
que eran estalido suave de inocencia
e saber que o tempo
acocha terrible no seu manto
os restos das desfeitas.

Agora somos só este silencio
e unha amarga sabedoría
a subirnos polas veas

II

Mais a pesar das olladas uniformes dos media
que todo o normalizan,
sabía doutros precipicios posibles
nos que perder a fe inutilmente
cando as mareas se apropián
das marxes na crecida.
Nestes, quizais fose preciso
verquese –pensaba–
pra saír do aburrimiento que esvara
por entre as horas que o rostro debilitan.
Tan inutilmente pensaba.

Paulino Vázquez

Poetry, 1929

Reflexado desde o fondo dun espello enmarcado en rica profusión
de coralinas, acomodado con vellos damascos e interiores de cretona
pálido o seu destello como a poeira que se asenta na quietude []
dun velador
repara a oca redondez do seu pulido cráneo
escrutando os vacíos do tempo (susceptible de reanudar
as súas mascaradas, a cita puntual para ingrátida hora do té á luz []
da lámpada
con unha lánguía conversación acerca da morte

A delgada figura que envolve unha luz mortecina
entregada aos devaneos do tempo pasado
abrumada por soportar o real
fráxil como unha delicada figura de porcelana sobre a poudreuse
(sen embargo, hábil para recoller as súas ganancias!)
lento como unha marsopa, revela na súa voz inflexións []
dun francés demótico
restrega os dedos e inclínase
ante alguén que o ofrece primulas, un Webster moi posuído da morte
amparado en Beladona, a cartomántica
(Aí está el; un vello en espera dun mes seco)
incómodo nunha especie Whipsnade, colgado do colo de Sweeney
ollando con desvío unha época de virtude moderada
(chamada 'des-entre-deux-guèrres', sen embargo tan diversa)
con rasgos de corte clerical e un chapeu de baranda
invitando a xóvenes postulosos con certos ademáns andróxenos []
e un sorriso acolledor
deseperadamente perverso, conserva uns fragmentos de vida entre os
dedos
(uns chasquidos nerviosos, acaso lle devolven a noción do tempo)
e dormita meditando que supera as súas crises nerviosas []
con os honorarios que recibe do Lloyd's

O signo [] fai referencia ós versos que se reflexan partidos no formato deste suplemento.



Foi en agosto do ano 2000 cando a RDL lle adicara a Luísa Villalta (A Coruña, 1957) un dos seus monográficos nos que a autora lle fixo entrega dunha autopoeética co título 'Sobre un certo estado de conciencia': "nada do meu é produto da análise nen da predeterminación, senón da vontade de expresar un modo de comprender o mundo e comprenderme a min mesma a comprender o mundo". Gañadora da última edición do premio Espiral Maior de Poesía co poemario 'En concreto', Luísa Villalta é hoxe unha voz poética madura, de equilibrio estilístico entre conceptual e visionario: carácter expresionista, entre emotividade e reflexión.

Luísa Villalta

Sobre un certo estado de conciencia

Comprender é un estado de conciencia orixinado por un desarranxo na concepción previa do mundo e produce, como consecuencia, a irrupción dunha expresión. En min este estado de conciencia fai ferver, por veces durante moito tempo, un magma informe que busca unha forma e, cando por fin a adopta, resulta unha forma que se podería ouvir: unha melodía, melodías contraponteadas, harmonías e disonancias (e non esquezamos que "ouvir" tamén está comprendido nos verbos "entender" e "sentir"). Destas melodías constrúo a miña "palabra melódica" que, penso, é toda poesía e, portanto, tamén a que eu fago.

O estado de conciencia a que me refiro parte en min da interpretación musical. Non abonda con ler unha partitura, como non abonda desenvolver as pautas elementais para vivir. A melodía que soa no violino xorde dun acto continuo da vontade (elexer uns movementos, depurar a intención e os seus resultados). Exercicio da vontade que se obedece a si mesma para producir unha forma coherente e significativa. Desta mesma vontade nace a palabra, como van necendo estas mesmas palabras, agora, que ben sei nunca abondarán como explicación daquilo (facer poesía?) que non se vai deixar explicar.

Por suposto, nalgures permanecen os temas. Pero os temas son o máis impersoal do traballo poético. Os temas son moi poucos. A vida e a morte. Talvez só a vida (ou só a morte). Sexan os que foren, nas súas infinitas variacións poden encontrarse nas enciclopedias, nos libros de Historia ou (e non é raro) de Teoría Metamática, na información diaria que nos fai deglutir a realidade, en cada ocasión en que se ten a certeza de estar vivendo. Os temas non son meus, son o mundo mesmo. E, á vez, o mundo mesmo son eu. O tema é o que me fai a min comunidade: unha preocupación polo devir da humanidade, unha maneira galega de ser humana, unha preocupación polo devir de ser galega.



Pilar Pallarés (Culleredo, 1957), poeta da chamada promoción dos oitenta, entra na nómina da RDL no seu espertar. Abeirada cara ó intimismo e a reflexión orixinada polo mar-tralo que subverte o poemario 'Sétima soidade' (1984)-, Pallarés é sen dúbida unha das grandes voces do momento posuidora dunha poética que, segundo a ensaísta Carme Blanco, se resume nos motivos da soidade, da comunicación, do discurrir da vida cotiá. Do ensaio literario achegou 'Rosas na sombra. A poesía de Pimentel' (1991) ademais de ser colaboradora en revistas como 'Nordés', 'Grial', 'A Nosa Terra', 'Luzes da Galiza', 'Dorna' ou 'Festa da Palabra Silencia'.

Pilar Pallarés

Arredor de Picasso

Talvez por presentiren-te se achegaron as pombas.
É tan extraño a ti ese silencio,
esta calma de ser en que se estica o día e se adormece...

Invisíbeis leóns velan o tránsito de horas e cadáveres
por estas augas mansas.
Pero algo no ar lembra aínda adeuses e acordeóns
e a intimidade rouca de cidades portuárias.

As fotos de man Ray nas salas do museo
e unha xanela aberta ás termas dos romanos,
con frémito de insectos e un canso bater de asas
en meandros de luz. No fondo dos teus cadros
un sexo insomne de muller
vixia-nos
sen pálpebras
e agonizan cavalos nos círculos de xiz.



A primeira etapa de Revista das Letras perdería boa parte da súa impronta sen achegas de Manuel Outeiriño, que nestas páxinas depositou relatos, poemas, artigos e, sobre todo, traducións como a magnífica de Ezra Pound. A relación non se cortou cos anos e recentemente, o suplemento acollía unha nova tradución: a de Wallace Stevens. Nacido en Ourense (1962), a poesía de Outeiriño posúe un don infrecuente: consegue espertar a intelixencia dos lectores e converter a intelixencia en humor. Nunha ocasión, dixo que os poetas eran como os pallasos: sentan nunha cadeira para facer rir.



De 1993 data a primeira colaboración de Margarita Ledo en Revista das Letras, cun relato que aínda permanece inédito. Desde entón, só en dúas ocasións máis aparece a escritora e documentalista nas páxinas do suplemento, sempre con textos só recollidos nas nosas páxinas, a máis recente colaboración súa no 2003 cunha homenaxe a Avilés de Taramancos. Margarita Ledo (Castro de Rei, 1951) ten unha obra tan abondosa como difícil de clasificar, a medio camiño do xornalismo, o cine, a novela e a poesía. 'Linguas mortas' (1989) é o seu pomario máis recoñecido e 'Porta blindada' (1990) unha das súas últimas narracións.

Manuel Outeiriño

Tres poemas

I

Acontecía non falarmos
e, no tocante ó desacougo,
eramos ambos a dous iguais.

II

A poesía é unha media aritmética
Pounderada:
ecuación entre aires
da miña terra
e patria celta ou descomposición
factorial de silencio,
artificio
e exilio: Irish da miña terra.

III

Vivías nas palabras loucas e desprendidas
polas estradas locais adiante,

palabras escrivíduas
que non volven casar
por nada.

Margarita Ledo

Díxolle non deixes...

Ele dixo que o xaguar prefire carne doce e que a carne de negro é carne doce. Ele dixo que admiraba a súa liberdade. Ele díxolle non deixes que na madrugada morra de frío ese paxariño. Ele dixo que atravesara a sabá de Castela absorto entre as amendoas. Ele díxolle necesito un pouco de sosego. Ele quixo gardar un pano que tiña algunhas bágoas. Ele agasalloulle un paxaron branco que lle coubo xusto –en pechando o puño: na cunca da man.

Ele dixo: cómpre matar a Supermán



Xavier Queipo (Santiago, 1957) deuse a coñecer como escritor en 1990 con 'Ártico e outros mares', co que conseguiría o Premio da Crítica española. A súa primeira colaboración para RDL data do 1993 cun relato que aparecería incluído en 'Ringside'. Desde entón, Queipo converteuse nun dos nomes asiduos non só da RDL senón tamén das librerías e nun dos escritores máis apreciados pola crítica. Traductor de Conrad ou Hervé Guidert, a RDL ideou co autor varios monográficos onde publicou 'Anacario de momentos menos álxidos' (Xullo do 2003) e antes, no 1999, 'Fluxo e mutabilidade' cunha colección de haikus en galego e inglés.

Xabier Queipo

Autopoética urxente

[] Din que escribir ten que doer. Non vexo masoquismo en facer o que nos gusta. O masoquismo, se cadra, no noso pequeno país sen Estado, é tentar o ter a escrita como sustento.


[] Escribir para pasa-lo tempo, coma os peixes cando nadan nun acuario circular.

[] O ideal do escritor é chegar ó maior número de lectores. Escribir en linguas minoritarias é, pois, contradictorio. Tarrefa de heroes ou de ilusos

[] Necesidade de dicir o que se pensa, ou o que se pensa que se pensa. Necesidade de non sentirse vivindo nunha granxa de animais submisos

[] Se o traballo dignifica o home, ¿que fai lendo estas e avorcallándose na indignidade? Vaia traballar de seguida, colecciona dignidade coma quen xunta moedas ou indulxencias plenarias.

[] Hai unha liña sutil entre a tolemia e a creatividade, se cadra a mesma que existe entre o imaxinario e o real. Os que así pensamos vivimos atormentados. A actitude dos demais é a nosa tormenta.



Miguel Anxo Fernán-Vello (Cospeito, 1958) pertence a esa estirpe de poetas activistas que compaxinan a pluma coa dun empresario cultural que, contra vento e marea, colocou a poesía galega no eixo do mercado ó longo da última década ata converter a súa editora, Espiral Maior, no buque insignia do que foi a lírica do país durante os anos noventa. Porque se Fernán-Vello non existise alguén tería a audacia de inventalo e trala figura carismática do poeta, a RDL volveu en monográfico ós versos e a figura dun home que desenvolveu unha das traxectorias de maior tensión emocional da posguerra: versos dominados polo erotismo onde a amada ten sabor, cor e recendo, como a terra.

M. A. Fernán-Vello

Visión dun corpo na praia


Lábio de luz que treme na nudez
dun astro de brancura.
Movimento delgado
como perfil de auga.
Peixe de lentitude adiviñando o corpo
a súa sílaba húmida,
unha estrela que nace
flor de espuma.
Na ondulación da arxila
corpo solar
que arvorece no espello.
Liña de sede,
semente e sal,
a pel mariña,
e chama do tempo.

Este sopro ou queimazón violácea,
sulco fino da brisa,
a pulsación dos ollos
contra o sol da carne.
Está aquí escrito o exilio do desexo?
A adolescencia é unha fenda rosada,
suave eclipse,
esbelta ausencia.
Mais agora regresa esa febre
que beixa a lua da boca,
ponto de fuga que arde
no interior dunha máxia
de saliva e de seda.

O salto docísimo dunha lágrima
que avivece insensíbel,
unha rosa de area
que brilla no recordo.
Aparición e signo, corpo
que o instante fai milagre,
espellismo do céu,
revelación dourada
que o mar
estremece no sangue.



Dicir o nome de Chus Pato é entrar nunha das traxectorias máis vertixinosas, arriscadas e perosais da poesía galega da última década, unha obra que en 1993 xa aparece en Revista das Letras e que desde entón se mantén constante ó longo do tempo das etapas, sexa en artigos ou en poemas. Dela reproducimos hoxe no suplemento un adianto de 'Charenton', o poemario que aparecerá este ano dentro de Xerais e que supón unha volta de rosca ó mundo subxugante de 'm-Talá, probablemente o libro máis sorprendente e asombroso da lírica galega última.



Anxo Quintela conseguiu a primeiros dos anos oitenta, con 'A sombra dos pavillóns', converterse nunha das voces menos previsibles do panorama poético galego. Revista das Letras, a mediados dos noventa, sácao do silencio poético no seu sumira tras ese libro e presenta a primeira dunha serie de colaboracións que se extenderán ó longo da historia do suplemento. Con poemas e artigos, como o que escribiu para un dos monográficos máis polémicos da historia de Chineses, 'Autopsias', Quintela manterá unha relación estreita coa revista. O seu último libro é 'O asasino estrábico', adiantado no seu día nestas páxinas.

Chus Pato (Charenton)

¿o exterior do poema: a súa estatura, a cor dos seus ollos,
o sexo ao que pertence; cándome, durme, camiña
é diferente a cando dicimos: pensamento, eu conciencia?

¿existe un interior / exterior do poema?

¿todas estas palabras (intelecto, mente razón...)
pertencen ao interior?

¿é privada a lingua que o poeta utiliza cando
configura o interior do poema?

¿existe un exterior?


¿é privado?

a lingua é un labirinto de camiños
un tráfico

Anxo Quintela Calquera día...

Calquera día pod se-lo día
menos pensado. Porque sen pensar
pasan as cousas, morren os amigos,
creban as carnes, vánseche as mulleres
—mesmo as que non amaches—, e rebotan
as costuras que prenden a memoria.
Como pluma de pomba na almofada
caen faíscas de ti sobre os rastrollos
do que puido ter sido noutra parte.
Calquera día,
collo a vía morta

a unha estación de tren deshabitada.




“Un texto literario é para oír”, asegura Bernardino Graña na autonálise que acompaña a este poema no número de maio de 1993, un texto no que o chamado ‘poeta do mar’ fai unha auténtica autopóetica –“escóitese a si mesmo. Escoitara o mar”, escribe–. Bernardino Graña (Cangas, 1932), un dos poetas máis queridos de Revista das Letras, é un dos homes de Brais Pinto e un home que, pola súa peripecia e forma de enfrontarse á creación literaria, entronca facilmente nos roteiros máis singulares que seguiu a poesía galega desde os anos oitenta. Entre os seus libros, o célebre ‘Non vexo Vigo nin Cangas’ (1975).

Bernardino Graña

Febre no mar

Os carrumeiros mestos
buligan entre os peixes
levantan testas torpes
teñen máis mans que as larvas sen quitina
dos duros carangueiros
cunchas de nácar
regos
onde escorrega o verde
maruxías continuas
cheirosas a cabalo e zocos vellos
felechos
barbas raras
descontrolando os censos
todo o que vén á beira e queda en praia
en celestial moi fina e branca area
todo o que vai medrando no segredo
dos laños
pozas
rías
nos abismos
polo verde.
E ás veces vén en namcos rebrincando ledos
en gárgolas que choutan van deica o aire en superficie
en estalidos brancos
choutando
retrincando
en mil camiños
can e veñen
fan cervexa
na noite son rumor e son estrelas
milleiros de estrelliñas noctilucas
un día submariño
noite acesa
vibrátil semen fresco
nubens no mar
por dentro
que tamén teñen troncos e centellas.




A aparición de ‘Nadador’ de Xabier Rodríguez Baixeras supuxo un dos acontecementos da poesía galega dos anos noventa, unha plenitude de forma que lle permitía ó seu autor entrar entre os grandes logros líricos desa década. Desde 1993 –e sobre todo na primeira etapa do suplemento– colabora Xabier Rodríguez Baixeras (Ribadeo, 1945) con Revista das Letras, non só con poemas ou autoanálises líricas, senón tamén con artigos de opinión. Entre os poemarios publicados, figuran ‘Fentos ao mar’ –un conxunto de sonetos co que se deu a coñecer no panorama poético– ou ‘Visitantes’.

X. Rodríguez Baixeras

Estraña música

Se alguén exasperado por esta música
que bate como o maré contra os peiraos,
polo seu rumbo cego, polos seus pasos
sinuosos, que un día tiveron voz,
se alguén me preguntara por que este verso
cae, ten un tremor secreto, ardoroso
como ave cautiva, como un arbusto
vibrante sob a raxeira, extenuado,
porque cae, mais logo busca un acento
no linde, para aquí erguer un monte louro,
na beira do mar, ao pé mesmo de espumas
que aínda cegan, que nunca se desfán,
pois son como unha estriga que non acaba,
que non acaba... como dicirille: vou
no ritmo daquel vento, nas barcas loucas,
desmarradas, á toa, cara á foz,
non levo dereitura, non levo búsola,
vou desfeito en muxicas dun libro ardendo,
disperso nunha cinza que acolle o mar.



Miro Villar (Cee, 1966) é un dos colaboradores máis frecuentes de Revista das Letras nos anos centrais dos anos noventa, con artigos de análise literaria especialmente, entre os que figura o dedicado ás décimas de Fermín Bouza-Brey. As súas poesías aparecen en abril de 1993 xunto ás do seu irmán Rafa en 'Lazos de sangre', unha das páxinas máis fermosas daquela etapa, que inclúe a fotocopia agora reproducida nesta selección. Entre os poemarios publicados por Miro Villar -afiliado á corrente clasicista- figuran '42 décimas de febre' ou 'Abecedario da desolación'.

Rafa Villar (Cee, 1968) foi colaborador asiduo do suplemento ó longo dos anos oitenta, con monográficos dedicados a recoller a súa poesía ou amplos artigos nos que o escritor analiza distintos aspectos, como a súa revisión de Emiliano Zapata. Poeta clave da denominada Xeración dos noventa, cunha extensa e premiada produción, Rafa Villar publicou, entre outros títulos, 'Liques da memoria', 'O devalo do mar' e 'Casa ou sombra'. Como activista político e cultural, desempeñou un papel de representante social do movemento Nunca Máis contra a xestión do desastre do 'Prestrige'.

Miro Villar

Décima

As mulleres de Miró
escudriñan-me sombrías
no alvo das litografías,
non sei que ven dende aló
para saber que estou só.
As mulleres destemidas
raspan nas feridas,
penetran nos meus segredos
e con alegres brinquedos
deixan as mágoas proídas.

Rafa Villar

Fun dos últimos dinosaurios

andei coas noitebras
en círculo
e deixei
a voz como un cadoiro
deitado como estaba
entre as xestas e as uces,
reptando,
buscando a luz
e un pequeno anaco de terra
en que repousar
a suor do rostro
e do medo
no medio mesmo do lume.



José Carlos Quiroga (Escalón, 1962) foi durante anos a ponte entre 'Revista das Letras' e o reintegracionismo. Durante anos a sección dedicada ás novidades editoriais de Portugal, aínda que as súas contribucións máis constantes desde 1993 foron as súas entregas poéticas. Autor de libros como 'Gong' –que algúns críticos consideraron un fito na poesía galega dos segundos anos noventa– ou de formatos atípicos como 'Viagem ao Cabo Nom' –no que fundía a poesía literaria e a visual–. Quiroga foi tamén narrador de fondo alento na novela 'Periferias', coa que conseguiu o Premio Carvalho Calero.



Manuel Rivas (A Coruña, 1957) é unha das claves –non só da narrativa galega na décadas dos oitenta e dos noventa– senón tamén da poesía. Sina-tura frecuente na RDL dende o anos noventa, para Rivas escribir "é sempre aprender, loitar contra o meigallo da preguiza e a indiferencia". Xornalista, analista lúdico do país e guionista, toda a súa poética, acaba de saír do pre-lo da editorial Espiral Maior baixo o título 'Do descoñecido ao descoñecido' e xa antes nun libro-CD antolóxico 'O pobo da noite'. O Rivas que se deu a coñecer no verso con 'Libro do Entroido' (1979) avanzaba naquela entrega constantes que incluíría na súa obra posterior: contemporaneidade e país.

Carlos Quiroga

Autoproteica cortês (demaís)

a irreverência anda-me no coração
mas som comportadinho
(demaís)
e se poupo bestas e pontífices
como nom vou poupar (demaís) escritores
indignos & poetastros bobos & bobas
nom os quero nem por enemigos
e, contodo, compadreo mexericas nunca
fútil furto-me forte
prefiro padecer, abalar
em solitário com feros poemas de situaçom
emprestar um novo alento ao idioma assi
sem que o corpo que o respira dea por isso
–simílimos simples só–
and...
como tenho certa consciência metapoética
escrevo textos simbolistas, escrevo
para reconstruir um novo romantismo
(à galega, demais)
sobre umha base naturalista: basta
eu ter um idealismo que nom ignora
as ciências naturais
fechar os olhos pode significar
ver demais
Viva o Mac
(demaís)

Manuel Rivas

O peso na cabeça

O meu pobo ten os ollos suspensos en formol.
Déronlle de beber aos vivos,
déronlle de beber tanto aos vivos
que estouparon por dentro como un fusil inservíbel.
Os vivos eran unha nube que pasaba.
Recordo que entón se dicía:
chegará unha mocidade de estrelas.
As mulleres cosían e cosían.
Unha vez atopeinas dentro dun tapiz,
inmóviles, cos seus rostros de mazá,
cercadas polas ondas.
Era a miña mirada a que estaba aloulada.
Non era quen de velas saír:
Aló van
cunha esfera do mundo,
feita de silveira,
pousada no móido da cabeza.




Activista da contemporaneidade, artista multimedia e escritor. Antón Reixa (Vigo, 1957) é unha das figuras de referencia obrigada nas mudanzas experimentadas na plástica e na literatura galega durante a década dos oitenta. Vencellado ó que se deu en chamar a movida viguesa –á fronte do grupo Os Resentidos (entre 1982 e 1994)– e membro fundador do movemento poético Rompente, Reixa verteu na música galega o estourido pop e irónico das súas letras. Artista total e un dos primeiros videocreadores galegos, abriu novos vieiros de expresión que dende os noventa quixo reflectir na RDL: o alento dunha conciencia irónica

Antón Reixa

stradivarios caíndo

stradivarios intres ao día diría eu fermosísimas verbas
con zeta
todas facendo zum zum
zum zum stradivarias veces sentindo a estalactita peluda
do teu pinga pinga
pinga pingando sempre aéreo a miña boca bocanoite esfínter
bocamanga bocadillo boca etcétera
stradivarios ou mais ou menos catro esquinitas tiene mi/
cama
zum zum stradivarios disparos facendo un burato de tempo
así redondo pra meter o dedo e cagarse en ningún dios
stradivarias veces na vida podemos entrar nesa mansión
violar ás señoras sustraer as billeteras dos caballeros



Ningún outro poeta como Lois Pereiro resume a forza da poesía galega dos anos oitenta-noventa, e poucas reflecten como a súa obra a escasa visión dos críticos oficiais, que a ignoraron durante anos. De feito, só pouco antes da súa morte, e na inminencia do fatal desencadeamento, se lle comezou a facer caso e se lle editaron en forma de libro os seus versos, que agora está aí para amosarnos a grandeza dun poeta maldito. Nacido en Monforte (1996), publicou 'Poemas' e 'Poesía última de amor e enfermidade' son os seus legados. Ademais de revistas e da homenaxe póstuma, a Revista dedicoulle un monográfico.

Lois Pereiro

Luz e sombras de amor resucitado

I
A Inmersión no silencio é o que distingue
ós que aman con espírito suicida
dos que somentes son
un soño breve.
Na viaxe nocturna que emprendemos
polo interior dun corpo diferente
un acto de amor é un fluído urxente
de suor bágoas e esperma
contra o medo
palabras desarmadas
desexos que se perden
na néboa de mil noites
entre as sabas revoltas
polo feroz presente
de dous corpos que esquecen.



Pilar Beiro (Carnota, 1958) descubriu na poesía a veta dun mineral "bárbaro e remoto" que, en certo modo, axudou a saír do autismo no que estaba mergullada. Os versos encistáronse na lingua cunha vehemencia reveladora e así se descubriu en 'Hinterland'. Vencellada ós movementos feministas, é Beiro unha das miradas máis enigmáticas da poesía galega que se autoafirma na femia. En xaneiro do 1999 dera entrega dun avance daquel poemario primeirizo, pero poderoso, coa rara característica dunha autora, que contra o costume estendido entre as poetas metaforfosea a súa voz na ruda dun mariñeiro. De 'Hinterland', a súa autopoiética.

Pilar Beiro 'Hinterland'

Esta espiral en rocha
este horizonte que me chisca o seu ollo neboento

o lume dos páxaros cómplices
o das figueiras pedra

os pés na maldición do vento
coma ourizos simbióticos

mareas mortas e chumbeiras ardidadas

canabais que onte foron heroes e mañá oxidan

o seseo das esmeraldas tristes
(Esmeralda. Quérote)

o desexo
o mercurio
e os planetas con nome de mercante

as cadeas graníticas abrázanme
abracémonos

e se puidésemos falar
-témeros corazóns aterecidos-

o seu fondo do mar alucinado

os labios, de pálido carmín
e na paixón

Memoria.



Creador do grupo Ronseltz -a máis imaxinativa e rupturista proposta da poesía dos anos oitenta-, Xavier Cordal (A Coruña, 1965) é unha sinatura constante en 'Revista das Letras' desde mediados dos noventa, cunha sección mensual á que lle entregou a lucidez e a fondura dunha mente inconformista, rebelde e nada compracente. As súas entregas poéticas aparecen tamén estradas ó longo da historia do suplemento. Autor de libros imprescindibles dos últimos anos como 'A vella peneira a noite', 'Fruto de Teixo', 'Afásia' ou 'Arianrod', Cordal consegue un combinado emocionante de forza conceptual, esculca formal e ironía.

Xavier Cordal Autopoiética

Antes, á narración comíalle parte do tempo eso que os vellos manuais aínda chaman verosimilitude. Palabra taxativa: remítenos á aparencia de verdade, dando por sentado que a verdade, mediante a linguaxe, só se pode simular, ou finxir. Este erro enche de confusión ao meu alumnado (nada lacaniano, xuróvolos) afeito a vivir no medio da linguaxe como fundación da súa personalidade e como referente case único (os medios informativos). O que lles produce fastío de moitas obras xuvenís que obrigamos a ler é, logo, a súa arcaica verosimilitude. Resúltalles unha fotocopia doutros discursos de segunda ou terceira orde. Fóra da literatura, a vida. Por iso a frase máis terrible, tamén a máis frecuente, que pronuncia acerca dun libro é "está ben". Significa para ser cartón pedra, acabei aceptándoo". Raras veces, algún curso, unha alumna esperta: a literatura ('O amante', 'De catro a catro') dáse un abismo, lonxe. Ela foi confinada noutro código para non entendela; o sistema educativo combate con eficacia a súa adquisición na linguaxe. É dicir, combate a posibilidade de fabricar o real: pide espírito crítico, o cal non pasa, outra volta, de simulacro. O espírito, tan parecido a unha ONG.

Todo iso que acabo de poñer, sen embargo, é literatura. Que a realidade sexa percibida a través da linguaxe non significa que toda a linguaxe sexa real (diso sabía un Wittgenstein moi próximo, sen quizais desexalo, aos santos salmodiantes do Tibet, procurado o nome inefable de Deus). Sería fermoso pensar que o mal son erros da linguaxe ou da xenealoxía. Acabo de ver un documental no que varios homes do Paquistán remiten a dous versos do Profeta para xustificar o asasinato das mulleres en castigo por actos inmorais. Tales versos non existen, nin aquí, tampouco, problema ningún de verosimilitude. Cando bombardearon obxectivos civís en Iugoslavia aconteceu algo moi parecido. Xa que era real (estábano poñendo pola tele) tiña que ser tamén racional e polo tanto formar parte do traballo dalgunha organización humanitaria.



Carlos Santiago foi durante algúns meses a contraportada de 'Revista das Letras' con 'Off', unha sección que se converteu no diario dun dos poetas que máis leva pescudado na vida para encontrar o momento exacto da realidade. Para moitos 'Off' é a revelación do que é tamén cantante e compositor da Psicofónica de Conxo, un grupo que apela ó xogo da razón como método para describir o labirinto da vida. Ademais de espectáculos multimedia e de recitais tan pouco convencionais como intelixentes, Carlos Santiago publicou en Positivas o poemario 'Metalúrxica'.



'Revista das Letras' prolóngase en Lupe Gómez como algo que forma parte dela e, de feito, a poeta de Fisteus é a sinatura imprescindible do suplemento desde mediados dos noventa. Nestas páxinas, encargouse da contraportada, fixo crítica literaria, entrevistas, artigos de opinión ou reportaxes. Pero tamén deu a coñecer a súa poesía, esa verdade que aflora constantemente na súa voz desde que coñecemos con 'Pornografía' ata hoxe mesmo, en que nos segue a arreguizar con 'O útero dos cabalos', último premio Xohán Carballeira, do que presentamos neste número un adianto.

Carlos Santiago

Off

Off
presenta

Poema Aleatorio sobre o Pesimismo
a partir de
frases extrapoladas doutros lados
aparelladas pola adversidade
Protésicos acusan os dentistas de encarecer o prezo das pezas
Pero poden expresar con certo distanciamento "brechtiano" a
súa opinión sobre o Beiras político

Sábese que as formacións políticas carecen dun modelo para a
TVG.
Non obstante, a Manu Chao le gusta La Coruña

A divisa agora é: "Cartos, familia, eleccións"
Así e todo, os EEUU prometen bombas vinte catro horas por día

Aínda que a Xunta presenta varios proxectos como alternativa
Bill Clinton afirma en Barcelona que o mundo será catalán ou ta-
libán

Hoxe os ciclistas levan todas as de perder
Emporiso, o filme quere ser un retrato desa xuventude da litro-
na e o nihilismo bovino

Con certeza, o Cíber é a mellor forma de charlar e xogar cos
amigos
Agora ben, a Cidade da Cultura está cada vez mais cerca.

A pesar da música contemporánea para fruta de pico e piano,
a seguridde do goberno bávaro está ameazada

Eu só podo ser o que son
E iso que un muller nececesita ben pouco para estar mais atrac-
tiva

Lupe Gómez

O útero dos cabalos

Estou no interior / do útero / dos cabalos. / Atravesar os
prados. / Rachar as cordas vocais. / Abrir o incendio. /
Bailar. A poesía / é matar. Morrer. / Berrando. Co estóma-
go / aberto, para que entre / en nós o mar. / Non quero es-
tar preñada / de coitelos. / Quero estar na auga sucia, /
cun vestido azul, / sen zapatos. / Gustaríame moito /
marchar no cabalo. / O cabalo salvaxe, / manso. Cruzar, /
correndo, o aire. / Ás veces quero / ser valente, e sempre
/ o consigo. Ter o embarazo, / ter dentro da miña barriga /
unha árbore. / A borracheira, estar tirada / bebendo. / Os
domingos / son moi feliz / e médranme moito as pernas. /
Sempre hai vestidos / encarnados na neve. / Sempre hai
ríos, elefantes / que nos miran, que nos / queren comer. /
Ir polas rúas / cun vestido negro / de noiva. / O meu cuar-
to / converteuse nun reloxo. / Non quero morrer / en to-
dos os accidentes. / Encántame o meu misterio. / ser eu,
subir nos avións. / Sempre soño que teño / o pelo longo. E
esperto / enfadada. Cortei o pelo / hai tempo. Porque me
pesaba. / Agora vivo no útero / dos cabalos. /



A primeira noticia de Claudio Pato (Ourense, 1962) na Revista das Letras foi da man dunha antoloxía sobre os poetas galegos en Madrid con Xosé Lois García. Foi na colección Ablativo Absoluto de Xerais onde Claudio Pato editou o seu primeiro libro de poemas, 'O almorzo do pintor de iconos Andrei Rublev' (1997). Membro do colectivo de intervención poética Redes Escarlata, Claudio Pato participou en diversas publicacións colectivas e colaborou en revistas como Dorna, Madrigal e Loia. Pero, escribe, "todo se resume en que o poeta decida ruminar os límites ou en que o poeta decida procurar que non lle apreten os zapatos"

Claudio Pato

A mazaira de Kafka

Tamén estarán presentes as escrituras e tamén o cempés na desviación da representación da culpa...

Se esto é así, é así tamén polo seu gusto pola música de Hindemith: en concreto, polas lecturas sobre a ópera Matías o Pintor. ...ou agrupacións de xentes. por mor dun efecto psicotrópico na alteración dos alto-falantes, perdón. 10: De ter pernoctado tres días nunha crecente atomitación do pluviífero que Adelaida lle regalara o día no que lle falou da visita-ción do verme-pisado.

A cotío, cargar e descargar os automatismos sobre dos equívocos nominais (sobre) do futuro...

doutro xeito, a como elas viven noutro nivel óptico mesma suposta realidade...

nun segundo tempo, malia do listado das substancias alcanforadas que definen a acarosidade das ombreiras do abrigo de Heliogábalo. onde ela impartía as súas clases... Nin tan sequera, podemos dicir que se tratase dun escritor estadounidense; un escritor dos Estados Unidos de América en plena actividade de escrita sobre –en por exemplo: a decodificación da noción dos mamuts na pantalla 3ª de seu radial de actividades; ao tempo dun afamado lingüista –tamén– xogador de béisbol na trama ao pé das onzas; pois como no comezo do fautos: un mozo-disco do instituto para as investigacións científicas, en, por exemplo San Francisco-California.

A Louise
Dividir cada dificultade en tantas partes como sexa posíbel e en tantas chame a súa mellor solución. (René Descartes.)



Marisol Manfurada, auténtica dj da palabra, cre como Salvatore Quasimodo citado por Celso Emilio Ferreiro en 'Longa noite de pedra', que ser dun tempo e dun país, é a poesía máis humana e verdadeira. Vencellada ó movemento bravú de finais dos oitenta, mamou esta artista multimedia de 'Fuxan os Ventos', Rosalía ou Castelao, entendendo o seu mundo como Galicia – "xa que co país estás no mundo", mantén-. Achegara Manfurada á segunda etapa da RDL, as súas visións sobre a arte feminina: a idea, a palabra, a música. O ritmo, a comprensión e a empatía como realidades e formas de entender o mundo dunha rapera que máis que do bravú, é brava

Marisol Manfurada

Iluminarte

Houbo moitos soños antes que o meu, mamá
Soños de futuro e de esperanza.
Imaxes positivas
rozando as pálpebras do tempo.
Doutros tempos, canto ti, mamá, vivías

Antes de decretaren a anatomía terrorista
en estado de sitio.
Antes de te condenaren á cadea perpétua da burka.

Non quero soñar máis, mamá

Quero despertar contigo noutro tempo,
sentir o estrondo no teu riso,
des-velarte, rebelarte, destaparte.




Houbo que agardar ata o 2001 para escoitar na RAG o 'Eu tamén navegar' de Xohana Torres que con 'Estacións ao mar' (1980) viña ofrecer máis argumentos ás rodeiras que marcaron en Galicia a renovación poética de finais dos setenta e converteríase nun referente da poesía nova de mulleres. Muller reservada e afastada de cenáculos sociais, o seu primeiro poemario foi 'Do sulco' (1959), adentrándose con 'Adios María' na narrativa. Obxecto dun monográfico especial da RDL, a académica rachaba cunha colaboración especial un longo período de ausencia da vida pública que comezara había máis de vinte anos.

Xohana Torres

Penélope

Declara o oráculo:
 "Que a banda do solpor é mar de mortos
 incerta última luz, non terás medo
 QUE ramos de loureiros erguen rapazas.
 QUE cor malva se decide o acio
 QUE acades disas patrias e vindima.
 QUE amaine o vento, beberás o viño.
 QUE sereas sen voz a vela embaten.
 QUE un sumario de xerfa polos cons".
 Así falou Penélope:
 "Existe a maxia e pode ser de todos.
 ¿A que tanto novelo e tanta historia?

EU TAMÉN NAVEGAR".



Para a maioría un auténtico "patriarca das letras", cunha constelación literaria tan poderosa que concitou a unanimidade nos homes e mulleres da escrita para propoñer como candidato galego ó nobel de literatura. De concepcións políticas indisolublemente unidas ó independentismo, Méndez Ferrín (Ourense, 1938) é motor do nacemento da Nova Narrativa Galega, trala fundación en Madrid do grupo literario Brais Pinto, da renovación poética. Un monográfico, en maio do 2000, sobre o autor de 'Con pólvora e magnolias' abriu unha estreita colaboración co poeta que chega ata hoxe: un escritor grande e un comprometido activista da cultura en Galicia.

Méndez Ferrín

De 'O fin dun canto'

Pro vin o teu aberto e teño frouma
 de ligazón de pócima de logo
 Apreixo na tua carne miña amada
 Laluma laba alabo a luva louca
 de despenar a estepa nunha alauda
 moumeando o segredo desespero
 Abrango o ciño ou relembanza brosmas
 e abrancazo no azúcar do teu pelo
 pois teño risos teus engaiolados
 e percórroche os líquidos escuros
 polo fondal das rochas polos dentes
 clavicémbalo que devala alanca
 polo mesto de carnes que me entregas
 abertas docemente polo curso
 de verbas estandartes acritudes
 danzas lúas acróbatas e o pranto
 Prorrumpo porque a noite non é miña
 en cromos descravados estrumentos
 e mamo o moucho o estraño ramo horrendo
 porque ti non descansas no meu hombro.
 Amada de ledicias acedume
 e perfectas estancias seixo liso
 Chamo por ti nos ángulos da noite
 oh lonxana zugada veiga abábaro
 Remato en logo en cúspide en estrondo
 porque teño e non teño a tua boca
 e lembro con nostalxias acedísimas
 os intres en alabo a luva louca
 estremecido laba o teu laluma
 meu lobo amor meu trobo de mel áspero

reiro da festa da parroquia do veciño: ialustre ao patriarcado! (que o parta un raio, vaia).

A verdade é que a proposta era moito máis ambiciosa porque en realidade se trataba, e se trata, dun proxecto político e estético de transformación, e non dunha simple campaña cosmética, no que se propuxo unha renovación do verbo (palabra ou cousa) e da 'gramática' (linguaxe e norma).

O sistema literario galego, movido polas súa permanente conciencia de carencia botou man do 'paraugas totalizador' e fixo o posible por incorporar esa novidade que non só nos facía coma os máis senón que nos colocaba por diante fronte ás outras literaturas da Península.

Cumpría darlle a benvida ao discurso que, ao final, máis revirou a caixa de ferramentas literaria (as imaxes, as metáforas, os patróns de xénero, as temáticas... e as éticas que as sustentaban). E déuselle. Polo camiño bateuse coa reivindicación gozosa do corpo feminino e mais co debate sobre o erotismo e a pornografía femininas de distinta cor e distinta intención. O corpo converteuse no lugar desde o que explicarse e prendeu como herba millán en balsío.

S/extrangers (¿calendario zara-gozano?)

Mágoa que outras escritas tamén centradas no corpo, como as de opción sexual, non tivesen a mesma sorte, aínda que algúns nomes haxa e de idade diversa. A cuestión segue a ser máis complicada de tratar do que parece. Por unha banda están as poéticas voluntariamente gays e lésbicas e por outra as lecturas que poden levarse por eses camiños á marxe da vontade autorial. Tanto nunha ucha coma na outra hai a mesma fartura, ou sexa, colleita pequena que ogallá axiña sexa maior.

Porque, aínda que se rexeiten as etiquetas para fuxir da lectura ghetto e do porque si que son post-, por aí levedarían posicionamentos hixiénicos que nos levarían a pisar seguido os comareiros das certezas. Máis que reconto, augurios. En calquera caso estas cuestións tiveron no 'rdl' argumentos para a discusión e a visibilización.

Rúa Tabernas (¿ou Parnaso Street?)

Ao longo destes anos experimentáronse incorporacións interesantes no que fai á presenza dos poetas nas institucións literarias. Incorporáronse á RAG algúns poetas inquebrantables: Méndez Ferrín, Luz Pozo, Manuel María, Xohana Torres... Tivemos algúns días das letras especialmente gozosos, como o de Avilés de Taramancos ou Luís Seoane, e algúns pasamentos moi sentidos: Lois Pereiro, o propio Avilés, Novoneyra, Xoán Manuel Casado, Xela Arias...

Houbo relevos editoriais e apareceron as carpetas de Edicións do Dragón, as edicións populares de Libros de Cal, a única editorial cun fondo maioritariamente poético, Espiral Maior, e mais Ablativo Absoluto, que deu por rematada a súa andaina. Tamén apareceron as Redes Escarlata, que crearon unha 'e-república' das letras que transita sen problemas da rede ás rúas, aos pubs ou ao libro. Tamén pola rede circularon algúns autores dos noventa,

ofrecendo os seus poemas semanais.

Compromisos (¿ti es de aquí ou vés á festa?)

Co declinar da movida e o rearme dos pensamentos de 'zapatóns' e 'bigote', totalitarios e únicos, algúns intentos houbo –e haberá– de poesía política vestida con traxes diferentes. Produciuse o contaxio boca a boca da posmodernidade comprometida (que a light évos un luxo só accesible ás identidades sen conflitos), coa burla negra e outras poéticas-nunca-máis... O compromiso multiplicouse pola emerxencia de novos ítems identitarios lexitimados e pola mudanza na maneira de establecer a (auto) definición. Definitivamente as identidades únicas reemprazáronse polos pactos das identidades complexas e non importa o 'ser' senón o 'estar'. Poéticas insubmisas, contestatarias, afirmativas, da memoria, da denuncia... Ultimamente tamén 'poéticas entre parénteses'.

Sen etiqueta

E quedan logo todas esas incursións difíciles de axustar a etiquetas, porque transcorren por camiños singulares. A experimentación prossegue, dentro e fóra do texto. A oralidade non só foi o soporte máis empregado para dar a coñecer os poemas fóra do libro (a tan citada presenza dos poetas nos pubs). Serviu tamén para situar na performance o texto poético, para tensar a palabra, para provocar emocións en directo saídas da boca, das mans, do corpo enteiro tenso coma un arco.

Menú degustación (todo incluído)

Moita poesía houbo neste longo traxecto marcada pola cuestión das identidades, a ruptura das convencións de xénero e a oralidade/performance. Poetas e poéticas a escoller. A poesía debeu ser o código máis presente da república das letras en 'rdl'.

Se cadra a que máis difícil de recoller aquí son esas poéticas arquitectónicas que conciben o libro por enteiro, como se fose un texto narrativo e no calquera escolma é lesiva. En calquera caso, 'rdl' que nunca quixo ser medida para o andel da librería nin para a columna da institución, afástase da fábrica de best-sellers e dos índices do canon que caracterizan os suplementos literarios, aínda que inocente, inocente, tampouco quere ser. Máis que medida, tendal. Tendal para est/éticas arrichadas, adiantadas e frescas ás que non lles pon medo poñerse ao clareo.

Coido que non houbo poeta vivo que non renunciase nalgún momento no 'rdl', e a miúdo con textos inéditos, polo que se convertía en laboratorio da contemporaneidade, 'rdl' deunos a poesía en proceso, aquela que os autores ofrecen de maneira provisoria, como menú degustación do obradoiro do chef. 'Papilosear', desfrutar e compartir os experimentos poéticos que se ofrecen neste suplemento. O resultado, moi 'rdl', alén do andel e da columna, contraste de sabores. ¡A desfrutar!

.....
Helena González